

Memoria de creación do  
Instituto de Investigación en Humanidades da  
Universidade de Santiago de Compostela



# ÍNDICE

<b>1.</b>		
<b>XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE CREACIÓN</b>		<b>3</b>
<b>INTRODUCCIÓN</b>		<b>3</b>
<b>MOTIVACIÓNS</b>		<b>4</b>
<b>2. ENFOQUE ESTRATÉXICO</b>		<b>7</b>
<b>2.1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN</b>		<b>7</b>
<b>2.2. VISIÓN, MISIÓN E VALORES</b>		<b>9</b>
2.2.1. VISIÓN		9
2.2.2. MISIÓN		9
2.2.3. VALORES, PRINCIPIOS E FUNDAMENTOS		9
<b>2.3. OBXECTIVOS</b>		<b>10</b>
2.3.1. DESENVOLVER UNHA CULTURA ACADÉMICA DE CENTRO A TRAVÉS DA PROMOCIÓN DA COLABORACIÓN INTERDISCIPLINARIA		10
2.3.2. PROMOVER A INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA E NA FRONTEIRA DO COÑECEMENTO		11
2.3.3. DESENVOLVER, ATRAER E FIXAR TALENTO A TRAVÉS DO DESEÑO DE ESTRATEXIAS DE APOIO Á CARREIRA INVESTIGADORA EN HUMANIDADES		11
2.3.4. PROMOVER A COLABORACIÓN CON OUTRAS ÁREAS CIENTÍFICAS, EXPERIMENTAIS E TÉCNICAS		12
2.3.5. PROMOVER A INNOVACIÓN E A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO DERIVADOS DA INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES		13
2.3.6. POSICIONAMENTO, VISIBILIDADE E LIDERADO DA INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES EN GALICIA		15
<b>2.4. PRIORIDADES POLÍTICO-CIENTÍFICAS ESTATAIS E EUROPEAS</b>		<b>16</b>
<b>3. AXENDA CIENTÍFICA</b>		<b>18</b>
<b>INTRODUCCIÓN</b>		<b>18</b>
3.1. ANTROPOCENO, BENESTAR E XUSTIZA		19
3.2. TECNOCENCIA, DIXITALIZACIÓN E MUNDOS VIRTUAIS		21
3.3. IDENTIDADES, CAMBIO GLOBAL E MOBILIDADES		22
CABO		24
<b>4. ESTRUTURA DE GOBERNO</b>		<b>26</b>
4.1. MARCO NORMATIVO		26
4.2. ÓRGANOS DE GOBERNO		26
4.3. RÉXIME DE FUNCIONAMENTO INTERNO		31

<b>5. PROCESO DE VINCULACIÓN E DESVINCULACIÓN</b>	<b>33</b>
5.1. SELECCIÓN DO PERSOAL INVESTIGADOR	33
5.2. DESVINCULACIÓN DO PERSOAL INVESTIGADOR	35
<b>6. PLAN DE ACCIÓN XERAL IHUS 2024-2028</b>	<b>36</b>
<b>7. PLAN DE ACCIÓNS SECTORIAIS 2024-2028</b>	<b>41</b>
<b>8. SERVIZOS TÉCNICOS</b>	<b>44</b>
<b>9. CURRÍCULO RESUMIDO DA BASE CIENTÍFICA DO INSTITUTO</b>	<b>46</b>
9.1. INVESTIGADORES/AS GARANTES	46
9.2. INVESTIGADORES/AS PROMOTORES/AS	54
9.3. LISTADO DE PERSOAL INVESTIGADOR ESTABLE INTERESADO EN FORMAR PARTE DO IHUS	61
<b>10. PROXECTOS E CONTRATOS</b>	<b>68</b>
<b>11. VIABILIDADE E FONTES DE FINANCIAMIENTO</b>	<b>69</b>
<b>ANEXOS</b>	<b>70</b>
ANÁLISE DAFO:	70
CENTROS DE REFERENCIA	75
REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO	80

# 1.XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE CREACIÓN

## INTRODUCCIÓN

Ante a necesidade perentoria de contar cunha estrutura institucionalmente estábel que permitise visibilizar, articular e recoñecer as actividades de investigación das áreas de Humanidades que se desenvolven con excelencia no seu seo, en 2020 xorde a iniciativa de crear un instituto específico en Humanidades na USC. En efecto, o *Libro branco da investigación en Humanidades* do FECYT (2006) indicaba xa que cumpría «potenciar a creación de institutos de investigación de Humanidades nas universidades como referente básico da investigación, dotándoos de recursos» (p. 54, tradución propia). A contrario, case ningún destes institutos foi creado no contexto español, o que, por outra banda, ofrece unha oportunidade estratéxica para a USC de situarse á vangarda destas iniciativas no contexto do estado.

A USC presenta claras fortalezas no eido das Humanidades, como demostra, por exemplo, o ránking QS, que a sitúa entre as mellores universidades do mundo en Artes e Humanidades, documento que, ademais, en 2020, rexistra un ascenso da nosa institución de 50 posicións ata o posto 341. Xa que logo, é evidente que cómpre asumir a iniciativa, igual que xa sucedeu noutras áreas e macro áreas da propia universidade.

Por outra banda, dende o punto de vista organizativo, este movemento é coherente coa tendencia xeral das universidades a estruturar a investigación en unidades máis sólidas. Pero alén ó desas estratexias lícitas e desexábeis, a pertinencia desta iniciativa entronca coa necesidade de contribuír a dar forma a uns saberes críticos e conscientes dos problemas do noso tempo, uns saberes que atendan e comprendan a complexidade inherente á que se enfronta unha humanidade que é, non debemos esquecerlo, o obxecto por excelencia das Humanidades.

## MOTIVACIÓNS

Xa hai tempo que a filosofía advirte de que os saberes moi especializados furtan as miradas críticas porque estas precisan de panorámicas. A proposta deste instituto ten unha vocación holística e transdisciplinaria precisamente porque eses enfoques excesivamente compartimentados non permiten nin atisbar nin responder eses problemas e retos. Non o permiten porque se trata duns fenómenos tan complexos como eses aos que se afrontan as Humanidades. Por parecidas razóns, esa é a perspectiva adoptada no documento *Orientations towards the First Strategic Plan for Horizon Europe* da UE, un texto que resultou dun proceso participativo de milleiros de persoas desenvolvido no ano 2019 para a definición do futuro plan estratéxico para a investigación na Unión Europea cara ao 2030, no que se estableceron sinerxías constantes entre as disciplinas.

Entre os **retos** aos que debemos responder, destaca, en primeiro lugar, unha cuestión que emerxeu con forza no último lustro as Ciencias Experimentais e Naturais, o concepto de **Antropoceno**, que (re)sitúa o papel do ser humano no centro do debate científico. O Antropoceno supera o concepto de cambio climático, que nestes momentos resulta xa insuficiente. As Humanidades deben ser capaces de establecer un dialogo fluído e permanente coas ciencias que propuxeron a categoría do Antropoceno como marcador central da época na que nos achamos inmersos/as. A sustentabilidade xa non é unha alternativa, senón unha necesidade dende a solidariedade interxeracional se o ser humano quere sobrevivir nunha Terra que foi estragando sistematicamente nos últimos dous séculos. Tal vez esteamos situados/as xa alén dun limiar de non-retorno, polo que, fronte a esta situación, é imprescindible unha decidida reacción dende as Humanidades. Os cambios de mentalidades teñen que ver, non só con cambios tecnolóxicos, senón con ideas que xorden do ámbito da creación literaria, filosófica e artística. O feminismo é un exemplo deste tipo de cambios, como tamén o é a consciencia ecolóxica que xorde no contexto do Antropoceno. Non só se trata dos datos reunidos polas ciencias para telo presente, senón das propostas que as diferentes culturas na historia e no presente manexan e manexaron para protexer ou encarar os cambios no medio, como dos imaxinarios que a literatura e as artes suxiren ao respecto.

Outro reto espectacular ven da necesidade de reflexionar sobre unha **sociedade tecnolóxica**, onde a dixitalización xa é total e a intelixencia artificial estase a desenvolver a unha escala masiva. Isto permite levar a creatividade a terreos até o de agora descoñecidos e, simultaneamente, rescatar e visibilizar o pasado (histórico, lingüístico, literario, artístico, filosófico, musical, etc.) a través de novas ferramentas e soportes tecnolóxicos (Humanidades dixitais). Con todo, cómpre tamén abranguer os focos de crítica e de resistencia que escapan a estes procesos, en forma de ecotecnoloxías, así como recentrar a intelixencia artificial no humano. A sociedade da información e do coñecemento resulta unha obviedade, mais nela estanse a xerar novidades e riscos acuciantes tales como o tecnocontrol baseado no dominio dos “Big Data” que deben ser analizados e contrarrestados.

En terceiro lugar, tamén atopamos relevante o actual **proceso de globalización**, tendencialmente ‘homoxeneizador’ e a o que, afortunadamente, se enfronta todo tipo de alternativas críticas, creativas e performativas. De feito, a diversidade en distintos planos cultural, social, étnico, artístico, musical, literario, lingüístico, sexual, de xénero, etc. resulta unha compoñente fundamental da investigación en Humanidades. Os cinco sentidos devólvennos constantemente a riqueza do mundo na súa variedade e dos saberes concibidos pola nosa especie, do mesmo xeito que a razón permite elaborar e enriquecer os datos obtidos pola experiencia sensitiva a través de procesos intelectivos que xeran novos coñecementos. As Humanidades están chamadas a abordar desde unha perspectiva transversal diversos retos complexos da sociedade do presente, pero tamén deben recuperar, analizar e difundir a cultura do pasado mediante a aplicación sistemática do pensamento crítico para non perder, ou malinterpretar anacronicamente, os saberes de todo tipo que constitúen unha herdanza de tal calibre que só se podería deixar perder dende a insensatez. Vivimos nun planeta marcado pola hipermobilidade e as migracións e, ao mesmo tempo, polo reforzo das diferenzas e das fronteiras entre seres humanos. Neste senso, nos foros internacionais estase a falar constantemente de globalización inclusiva como estratexia de futuro de primeira orde que debe prestar atención á dialéctica entre o local e o global (“glocalización”).

Máis adiante establécense prioridades de traballo que contemplan saberes que a USC manexa, mais, para rematar esta presentación, cómpre subliñar a necesidade de afrontar

decididamente tamén **o reto relativo á saúde, o benestar e a seguridade humana**, imperiosa necesidade cuxa pertinencia subliñou, e subliña, aínda máis claramente a crise pandémica global aberta coa expansión da covid-19 desde o inicio de 2020: o enfrontamento á catástrofe humana e sanitaria que supuxo (e supón aínda) dende unha perspectiva estritamente clínico-sanitario resultou insuficiente, polo que se impón un imprescindible diálogo entre todos os axentes implicados na súa xestión até este momento (sanitarios, políticos, etc.) coas Humanidades.

## 2. ENFOQUE ESTRATÉGICO

### 2.1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN

As Humanidades, en tanto que disciplina central tanto no ámbito social como no da creación científica conforman un campo de investigación moi amplo, diverso e complexo de difícil visibilidade en termos de referencia no marco das políticas de I+D, así como en termos de impacto na comunidade académica. Esta percepción confronta, sen embargo, co papel chave da investigación en Ciencias Humanas para a comprensión das nosas sociedades, a súa cultura e a calidade de vida dos seus individuos a partir do estudo das diferentes expresións da arte, poesía, literatura —capaces de prestar atención á súa diversidade sen perder a súa especificidade e singularidade—, ao tempo que xestionan o diálogo entre o global e o singular.

Concordando con isto, as Humanidades están acadando cada día unha maior relevancia nas políticas e prioridades dos organismos de financiación da investigación estatais e sobre todo europeos e internacionais, reclamando a súa contribución no estudo, documentación e análise das aceleradas transformacións sociais, tecnolóxicas e medioambientais que están a ocorrer (dixitalización, cambio climático e os seus efectos, globalización, impacto das crises pandémicas, etc.); trátase de subliñar a achega da perspectiva histórica e ética por parte das Humanidades, así como a reflexión que desenvolven sobre como estas novas realidades configuran novas identidades que sitúan os individuos fronte a novas dimensións sociais. Finalmente, as Humanidades procuran novas solucións innovadoras para xestionar os seus efectos.

Neste contexto de aparente oportunidade que ofrece a atención crecente sobre estas disciplinas científicas, queda camiño por percorrer tanto a nivel estatal, como autonómico e tamén institucional (como universidade). Nomeadamente parece preciso avanzar a nivel organizativo para desenvolver contornas de referencia en Humanidades nas que integrar competencia e masa crítica con capacidade para facer visíbel o seu impacto ao tempo que



estruturar espazos atractivos para a formación e crecemento de carreiras científicas relevantes.

Neste obxectivo, a USC debe asumir unha responsabilidade e liderado singular na medida en que integra, en número e competencia, o núcleo central da ciencia en Humanidades de Galicia. Neste ámbito conta cunha importante masa crítica de persoal investigador organizada en recoñecidos grupos de investigación de referencia e líderes nas súas disciplinas, que achegan un coñecemento especializado que abrangue, entre outros, os Estudos Literarios, o Estudo das Linguas, os Estudos Lingüísticos, Historia, a Historia da Arte, a Musicoloxía, a Xeografía, e a Filosofía.

Sobre a base destas capacidades, é preciso avanzar cara á súa articulación en estruturas supra grupais que permitan realizar un salto cualitativo de escala e transcender a actuación disciplinar para abordar obxectivos científicos de maior impacto e a realización de proxectos ambiciosos e tractores, así como a consolidación de infraestruturas e equipamentos de investigación competitivos e colectivos, sempre na procura dunha maior e máis eficiente proxección social.

Neste contexto nace o Instituto de Investigación en Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante iHUS), que parte da necesidade e oportunidade de articular a competencia científica de referencia disciplinar xa existente, ao mesmo tempo que realizar unha investigación en Humanidades actualizada, que dea resposta aos desafíos do presente e do futuro e que conforme un espazo de referencia e recoñecemento para a investigación de excelencia neste ámbito.

## 2.2. VISIÓN, MISIÓN E VALORES

### 2.2.1. VISIÓN

O iHUS ten como meta situarse coma centro de referencia de excelencia científica nas novas Humanidades a través da investigación de fronteira, a conxunción inter e transdisciplinaria dos seus obxectivos e a proxección e impacto social dos seus resultados.

### 2.2.2. MISIÓN

O iHUS constitúese como unha **contorna de excelencia para a investigación interdisciplinar no eido das Humanidades**, nucleado ao redor dunha Axenda Científica estratéxica compartida que formula os obxectivos do centro potenciando novas formas de abordar os retos da nosa sociedade.

Organizado como referente disciplinar e metodolóxico, o iHUS preséntase como un **espazo atractivo e creativo para o desenvolvemento da carreira científica** en Humanidades, con capacidade e compromiso para a atracción, formación e retención de talento.

Por outra parte, o iHUS sitúase como un **socio estratéxico da administración e os actores sociais para abordar conxuntamente os retos que enfrenta a sociedade** actual, ao tempo que achega vantaxes competitivas ao entorno económico e social a través do acceso a novo coñecemento innovador e transformador que debe desenvolver o novo centro.

### 2.2.3. VALORES, PRINCIPIOS E FUNDAMENTOS

- **Excelencia científica.**
- **Colaboración inter e transdisciplinaria:** O iHUs nace cunha vocación e organización interdisciplinaria para abordar os problemas de investigación dende unha perspectiva holística e de colaboración estreita.
- **Compromiso coa formación** e o apoio ao desenvolvemento da carreira investigadora no ámbito das Humanidades.

- **Equilibrio entre a “directed research”** como resposta a necesidades e problemáticas específicas (recollidas na Axenda Científica) e **“exploratory research”** para xerar solucións e oportunidades inimaxinábeis até o momento.
- **Ciencia Cidadá e Ciencia aberta.**
- **Compromiso coa sociedade** e a innovación social, cultural, artística e educativa.
- **Participación e ciencia cidadá**, esluíndo a verticalidade entre ciencia e cidadanía, a través da participación e de procesos investigación-acción.

## 2.3. OBXECTIVOS

### 2.3.1. DESENVOLVER UNHA CULTURA ACADÉMICA DE CENTRO A TRAVÉS DA PROMOCIÓN DA COLABORACIÓN INTERDISCIPLINARIA

A USC dispón dunha importante masa crítica investigadora no eido das Humanidades que proveñen de distintas disciplinas científicas e están repartidas en grupos de investigación, departamentos e facultades. Esta iniciativa representa o primeiro paso para organizar, agregar e artellar as capacidades existentes nunha contorna de investigación atractiva, competitiva e de excelencia nucleada ao redor dunha axenda científica estratéxica compartida que formula os retos e obxectivos do novo centro.

Así pois neste contexto, preténdese:

- Crear **espazos de interacción no marco da gobernanza, a organización científica e a actividade do centro** que axuden a superar as fronteiras disciplinares xerando o intercambio de ideas, metodoloxías e prácticas que estimulen a creatividade intelectual.
- Desenvolver unha **cultura de pertenza ao iHUs** a través do deseño e posta en práctica de políticas e accións comúns en temas de formación especializada, desenvolvemento da carreira científica do persoal investigador máis novo, política de filiación e produción científica, así como nunha estratexia de posicionamento e visibilidade compartida.
- Promover a **colaboración efectiva entre o persoal investigador** do centro a través da identificación de retos comúns, así como o impulso de proxectos conxuntos para a súa

abordaxe, que propicien o intercambio de coñecemento e a complementariedade entre capacidades.

### 2.3.2. PROMOVER A INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA E NA FRONTEIRA DO COÑECEMENTO

A USC presenta competencia investigadora en moitas das disciplinas representativas das Ciencias Humanas. Dispoñen así mesmo de capacidades interdisciplinares imbricados nos grandes retos, desafíos e debates actuais que permiten abordar os perentorios e latentes problemas da sociedade actual galega desde a perspectiva das Humanidades, así como identificar novas problemáticas e cuestións que aínda non están identificadas.

Este obxectivo tradúcese en:

- **Deseñar unha Axenda Científica que se proxecta no futuro** desde perspectivas epistémicas dos nosos tempos.
- Despregar a Axenda Científica deseñada a través da **articulación dun plan de acción capaz de integrar os proxectos** interdisciplinariamente e de modo novidoso e que contribúa ao debate e reflexión dos problemas da sociedade actual.
- **Institucionalizar a identificación de novos retos e problemas** de investigación para as Humanidades que aínda non están categorizados, ou propiamente identificados.
- Promover **o liderado e a participación** en proxectos de investigación.

### 2.3.3. DESENVOLVER, ATRAER E FIXAR TALENTO A TRAVÉS DO DESEÑO DE ESTRATEXIAS DE APOIO Á CARREIRA INVESTIGADORA EN HUMANIDADES

A carreira investigadora en España, e de maneira particular en Galicia, caracterízase por unha excesiva precariedade que aínda é máis significativa no eido das Humanidades. As oportunidades de progreso profesional radican de maneira importante no sistema público. É preciso, así pois, deseñar unha carreira investigadora que resulte atractiva e ofrezca posibilidades de integración tanto coma profesionais da investigación no sistema de I+D+i coma como nos ámbitos académicos da universidade, formando persoal científico con compromiso docente.

Por outro lado, o instituto aspira a converterse nun centro de referencia das novas Humanidades e na fronteira do coñecemento, polo que devén unha condición *sine qua non* atraer persoal investigador de recoñecida traxectoria investigadora con capacidade de liderado das liñas emerxentes da Axenda Científica.

A este respecto, preténdese:

- Desenvolver unha **política de atracción de persoal investigador** con capacidade de liderado das liñas emerxentes da Axenda Científica ao tempo que impulsar a consolidación de novos/as investigadores/as principais entre o conxunto do persoal investigador que forme parte deste Instituto de Investigación no futuro.
- Ofrecer unha **formación doutoral competitiva** e aliñada coa Axenda Científica, con liñas ben definidas e obxectivos explícitos, favorecendo o desenvolvemento de habilidades en todos os aspectos da vida académica (docencia, investigación e xestión científica) e adquirir as competencias necesarias para o progreso na carreira científica.
- **Integrar o desenvolvemento profesional e a planificación temporal da carreira investigación na formación investigadora nivel pre e pos doutoral.** Formar e designar os/as investigadores/as principais no apoio á planificación do desenvolvemento profesional e ofrecer servizos de apoio e asesoramento ao persoal máis novo.
- **Formación ao persoal investigador en habilidades transversais:** liderado, captación de fondos, xestión de equipos e proxectos, comunicación, efectividade persoal, etc., aspectos que son fundamentais para garantir unha investigación de primeiro nivel.

#### 2.3.4. PROMOVER A COLABORACIÓN CON OUTRAS ÁREAS CIENTÍFICAS, EXPERIMENTAIS E TÉCNICAS

Ademais de non existir un nivel de colaboración óptimo entre os grupos de investigación en Humanidades, no que se refire aos traballos conxuntos con outras macroáreas a situación está aínda máis estancada. Porén, os problemas que afectan a sociedade actual requiren para a súa adecuada abordaxe dun enfoque sistémico e holístico no que se precisan tanto desenvolvementos de carácter técnico como social e humano. Isto require un profundo

diálogo e entendemento entre as Ciencias Humanas e Sociais cos ámbitos da Física e das Ciencias Naturais e da Saúde que non está o abondo articulado.

A cuestión resulta aínda máis rechamante no que respecta ás relación coas tecnoloxías da información e comunicación (TIC), que se converteron en tecnoloxías chave nas investigación en Humanidades, permitindo acadar resultados de investigación e a xestión dun volume de información e datos que dificilmente serían atinxíbel sen o seu uso.

Así pois, aquí os esforzos deberían concentrarse en:

- Identificar os ámbitos e liñas estratéxicas da Axenda Científica que requiran atraer a colaboración con persoal investigador doutras áreas científico-técnicas, promovendo retos singulares para avanzar na produción e xeración de novo coñecemento e a resolución dos grandes problemas sociais. Non cómpre insistir en que, no referido ao reto do Antropoceno, a colaboración coa Física, a Ecoloxía, a Edafoloxía e as Ciencias Naturais en xeral, é fundamental, que, no que ten que ver co Benestar, co reto das pandemias, e coas novas perspectivas en cognición, a colaboración coas Ciencias da Saúde e a Neurociencia, é a chave, e que, no que respecta as Humanidades Dixitais, é preciso establecer un diálogo coa Enxeñería e a Informática. En todos estes casos, amais, a colaboración coas Ciencias Sociais, coas que en moitas ocasións as Humanidades resultan indisociábeis, devén imprescindíbel.
- Estabelecer alianzas estratéxicas e programas de investigación común cos centros de investigación en tecnoloxías da información e a comunicación, en particular co CITIUS (USC) e co CESGA, así como con outros próximos de Ciencias Sociais e Humanas tales como o IDEGA, o CISPAC ou o ILG, favorecendo con todos eles a asociación entre o persoal investigador para o intercambio de oportunidades e a consecución dunha maior taxa de éxito, no marco de proxectos conxuntos ou partillados con outras entidades externas á USC.
- Promover a formación do persoal investigador en técnicas e metodoloxías propias das áreas científico-técnicas que poidan resultar útiles na investigación en humanidades.

### 2.3.5. PROMOVER A INNOVACIÓN E A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO DERIVADOS DA INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

As oportunidades de transferencia no caso das Humanidades non están restrinxidas en exclusiva ao eido do patrimonio, senón que existe un amplo abano de sectores e actores relacionados coa cultura, o sector educativo (en particular a ensinanza e aprendizaxe de linguas, a educación en igualdade) ou mesmo o sector sanitario, cos cales colaborar ou ofrecer servizos especializados relativos a arquivos, bibliotecas, corpus documentais ou terminolóxicos, como as administracións públicas, produtoras cinematográficas, editoriais, museos, fundacións, unidades responsables de patrimonio histórico artístico, medios de comunicación, empresas de produción de espectáculos, colexios, institutos de ensino secundario, hospitais, etc. Tamén hai que subliñar todos os mecanismos de transferencia que teñen que ver coa realización de asesoramento técnico en ámbitos diversos tales como arqueoloxía, xestión e planificación territorial, patrimonio, etc., que os grupos que constitúen o celme do iHUs realizan de forma habitual.

Por outro lado, o iHUs está completamente comprometido e así figura nos principios e valores do centro coa contorna social, económica, cultural e educativa situando Galicia como a sociedade máis importante ante a que responder. A realización de traballos especializados para as administracións públicas, as empresas e o terceiro sector de Galicia constitúe unha vía fundamental neste sentido. E os grupos de Humanidades da USC presentan unha importante traxectoria de colaboración con estes sectores e actores aínda que en moitos destes casos non estea suficientemente institucionalizada.

A este respecto, preténdese:

- Fomentar o diálogo entre a academia e a sociedade, promovendo e compartindo contornas e proxectos de innovación-acción.
- Institucionalizar a través de convenios e cátedras con outros axentes sociais, institucionais e fundacións, as colaboración existentes.
- Facilitar o acceso aberto aos resultados de investigación, nomeadamente mapas, corpus, arquivos, etc. tanto para un público especializado ou uso profesionalizado como para o público xeral.

- Desenvolver estratexias e itinerarios de valorización adaptadas aos resultados e capacidades de investigación con potencial de explotación ou impacto, en turismo mais tamén en educación cívica, ambiental e/ou cultural.
- Realizar asesoramento técnico a demanda de administracións públicas, empresas e terceiro sector nos aspectos de Humanidades que sexan requiridos: patrimonio, educación cultural, xestión, planeamento, estratexias, toma de decisións, etc.

### 2.3.6. POSICIONAMENTO, VISIBILIDADE E LIDERADO DA INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES EN GALICIA

Galicia é un lugar estratéxico e privilexiado para o desenvolvemento do estudo das disciplinas de Humanidades conformado a través dunha riqueza cultural, social, económica, ambiental e patrimonial, tanto material como inmaterial indiscutíbel, cunha identidade singular, que se identifica como terra de grandes creadores/as, artistas e pensadores/as. Noutra orde, o Camiño de Santiago, como símbolo da historia europea e modelo de cooperación cultural para toda Europa, proxecta a cultura galega no ámbito internacional, reforzando a identidade referencial que lle confire a proximidade ao mundo e cultura lusófona e o seu lugar estratéxico, afectivo e social diante das relacións coas Américas e outros continentes.

Nese contexto, a USC representa en Galicia a tradición histórica de estudos humanísticos posicionándose cientificamente como centro de referencia non só galego, senón tamén a nivel ibérico e europeo. Ademais da longa e diversa traxectoria investigadora das contornas disciplinares das facultades históricas, no seu seo creouse o ILG, que acaba de cumprir 50 anos, instituto de referencia no estudo da Filoloxía e Lingüística galegas, e, mais recentemente, o CISPAC como unidade científica interuniversitaria orientada ao estudo das paisaxes culturais. Tampouco se pode esquecer o IDEGA, centrado en aspectos económicos ligados ao desenvolvemento de Galicia como territorio de seu, que presenta unha innegábel traxectoria no ámbito socioeconómico galego. Por outra banda, e asociados ao CSIC, organismo público de investigación estatal de referencia, operan dous institutos de referencia no eido das investigación en humanidades, ou o INCIPIT.



Malia estas fortalezas, existe un certo consenso sobre a escasa visibilidade e recoñecemento da investigación en Humanidades realizada tanto internamente, na propia USC, como externamente no marco do sistema universitario.

Mais todo estes activos necesitan colaborar de xeito conxunto e estratéxico para mellorar o seu posicionamento, visibilidade e proxección tanto na contorna estatal como internacional.

A este respecto cómpre:

- Promover convenios e acordos de colaboración cos outros centros de investigación en Humanidades en xeral e de maneira particular co ILG, o CISPAC e o INCIPIT (CSIC).
- Dotar o iHUs de capacidade de diálogo e apoio nos procesos de definición de políticas públicas, en particular en ámbitos relacionados coa educación, a conservación do patrimonio artístico e literario, a mediación lingüística e/ou intercultural, o papel das linguas e das culturas materiais como factores conformadores de identidades étnicas, territoriais e nacionais, os efectos da globalización sobre a sociedade, o territorio, a lingua e a cultura.
- Incrementar a visibilidade e a sensibilización cara á investigación realizada en Humanidades tanto dentro do marco da USC e do SUG como alén á das súas fronteiras.
- Estabelecer alianzas estratéxicas con centros europeos de referencia no eido das Humanidades e Ciencias Sociais.
- Estreitar lazos de colaboración e traballo cos centros de investigación das Américas, con atención particular a ámbitos como o hispano e o brasileiro, mais sen esquecer dos EUA ou Canadá.

## 2.4. PRIORIDADES POLÍTICO-CIENTÍFICAS ESTATAIS E EUROPEAS

O Estado español fixo súas as prioridades definidas pola Comisión Europea, por medio da Axencia Estatal da Innovación (AEI). Primeiro, mediante a aprobación do *Plan de Acción para la Implementación de la Agenda 2030: Hacia una Estrategia Española de Desarrollo Sostenible*. Segundo, coa integración da transición ecolóxica e do reto demográfico, atendendo en particular, a temas tales como a conectividade e a dixitalización, por medio de, por exemplo, a Intelixencia Artificial. Todas estas prioridades representan eixos fundamentais

da política científica do Estado. Xunto con estas áreas, España elaborou unha relación de prioridades estratéxicas, nacional, singular e propia que, ademais de converxer cos piares da política europea no horizonte 2021-2027, pon o foco en eidos específicos e no seu papel orientador e incentivador da I+D+I.

A **Axenda Estratéxica da UE (2019-2024)** xira ao redor de catro prioridades motrices, segundo establece a Decisión (EU) 2019 do 20 de xuño, que son:

- Protexer os cidadáns e as liberdades.
- Desenvolver unha base económica sólida e dinámica.
- Construír unha Europa climaticamente neutra, ecolóxica, xusta e social.
- Promover os intereses e os valores europeos na escena mundial.

Neste senso a Comisión Europea definiu e recolleu nos programas europeos as orientacións políticas identificadas previamente pola comunidade científica internacional, que se resumen e citan a continuación:

- Cambio demográfico.
- Globalización social.
- Dixitalización.
- A sociedade na súa contorna produtiva.
- O control do cambio climático por medio dunha transición ecolóxica, xusta e social.

## 3. AXENDA CIENTÍFICA

### INTRODUCCIÓN

A misión principal do Instituto de Investigación en Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela (iHUs) é a abordaxe crítica dos retos actuais e futuros da nosa sociedade desde a perspectiva das Humanidades. A súa constitución permitirá situar o foco nas interaccións que se producen nas fronteiras dos campos de coñecemento, partindo sempre dunha perspectiva teórica que sexa quen de abranguelos na súa inherente amplitude e complexidade. Deste xeito, pretendemos ante todo suturar os límites artificiais establecidos entre disciplinas e reivindicar que a dimensión teórica e conceptual non pode estar, de xeito ningún, dissociada da investigación avanzada. Trátase, polo tanto, de artellar novas ideas e narrativas capaces de contribuírmos a elaborar respostas concretas aos distintos desafíos humanos actuais, isto é, xerar un pensamento necesariamente complexo mediante unha perspectiva holística, colaborativa e interdisciplinaria que, lonxe de ser dispersa, enfíe e teza con forza as distintas perspectivas, vencellándoas entre si.

Asemade, a iniciativa do iHUs parte do celme do Sistema Universitario Galego. Interiorizando a premisa do coñecemento situado, localízase nas coordenadas e nas lóxicas da sociedade galega, na que o iHUs se enxerta e da que toma a súa identidade esencial. No entanto, en modo algún esta personalidade de partida implica renunciar ás redes que se teceron, se tecen e se tecerán desde o iHUs con outros núcleos investigadores da Península Ibérica, Europa e o mundo. Esta última escala, de feito, constitúe tamén unha nota constitutiva do iHUs, tal e como se fixa nesta Axenda científica.

Na definición do alcance e da Axenda científica do iHUs tívose en consideración moi especificamente o documento *Orientations Towards the First Strategic Plan for Horizon Europe*, que foi consecuencia dun proceso participativo de milleiros de persoas expertas desenvolvido no ano 2019 para a definición do futuro plan estratéxico de investigación europea cara ao 2030. Este documento conduciu á creación dos seis clústeres nos que se

estrutura o documento-marco vixente neste eido na actualidade: *Horizon Europe Strategic Plan (2021-2024)*. O que resulta altamente revelador aos nosos efectos é que *Orientations* inclúe a definición explícita dos chamados «crosscluster issues», que, situados na vangarda da investigación, permiten establecer as pontes e vencellos que teñen sentido cientificamente para facer progresar o coñecemento.

Os retos que figuran nesta Axenda científica aparecen artellados en forma de tres prioridades que pretenden ser mutuamente complementarias, de xeito que se establezan as sinerxías precisas entre elas. Estas tres despréganse mediante 16 liñas específicas de investigación. Cómpre subliñar de entrada que tanto as prioridades como as liñas de investigación asociadas están formuladas en función das capacidades actuais dos/as investigadores/as que conforman o iHUs. Isto non exclúe a posibilidade de engadir no futuro outras direccións máis específicas, reformuladas en virtude dos cambiantes retos culturais e sociais, das problemáticas que poidan xurdir, e da reconfiguración de capacidades que necesariamente se vai producir no iHUs a medida que se consolide.

### **3.1. ANTROPOCENO, BENESTAR E XUSTIZA**

É indubidábel a resonancia que o concepto de Antropoceno acadou recentemente no noso mundo. Trátase non só de valorar o impacto causado polo ser humano no planeta e nos distintos ecosistemas que o configuran (cambio climático, extinción masiva de especies, etc.), senón tamén de cuestionarse e redefinir o propio lugar do ser humano en relación coa súa contorna, obxectos e animais non humanos. Neste senso, a investigación debe necesariamente abandonar ou reformular a posición central que o ser humano, e en concreto, o occidental, se arrogou tradicionalmente, en boa medida froito da grande aceleración e do impacto do desenvolvemento económico e tecnolóxico das sociedades capitalistas..

O cuestionamento do tradicional divorcio entre ser humano e medio natural —que se traduce na oposición disciplinaria entre as Ciencias Humanas e Sociais, dunha banda, e as Ciencias Naturais, da outra— permite abordar moitos paradigmas dominantes, incluído o ecolóxico-ecoloxista, pola vía, entre outras, de incorporar unha pluralidade de perspectivas humanas e non-humanas. Vivimos algo máis que unha crise sen precedentes, pois o contexto no que nos

inserirnos nos interpela e cuestiona como especie, como sociedade e como persoas individuais. Por iso, cómpre preguntar que riscos para a saúde e para a xustiza, en termos da garantía da igualdade dos dereitos nunha sociedade aberta e plural, comporta o actual sistema político-económico.

Neste senso, o debate tamén pode contribuír á conformación dun pensamento e unha praxe decrecentistas como posíbeis alternativas aos modelos imperantes, de xeito que permitan sustentar a vida no futuro con garantías de xustiza, equidade, benestar, saúde e mesmo saúde mental. As expresións artísticas, literarias e culturais neste contexto ofrecen vías de innegábel potencial que cómpre aquí tamén acubillar, dado que estas artellan reflexións que complementan, matizan e mesmo melloran outros discursos existentes, como o político, histórico, científico e social. Finalmente, a inclusión no debate das Humanidades de hoxe das perspectivas do posthumanismo, o post-/de-colonialismo e os estudos de xénero vai ser central na medida que corresponde aos desafíos que o presente nos impón en termos sociais, políticos e éticos.

#### LIÑAS DE INVESTIGACIÓN PRIORITARIAS:

1. Ecocrítica
2. Estudos de xénero
3. Posthumanismo
4. Ética aplicada
5. Estudos pos/de-coloniais

## 3.2. TECNOCENCIA, DIXITALIZACIÓN E MUNDOS VIRTUAIS

Non se poden entender hoxe os estudos humanísticos sen a análise e valoración da natureza e das consecuencias da transformación dixital e tecnolóxica das últimas décadas, así como sen a discusión sobre cales deben ser as prioridades da nosa sociedade neste contexto de rápidas transformacións. Para comezar, débese estudar o impacto que ten a tecnoloxía no ambiente e na vida das persoas, na súa saúde e nos seus dereitos e liberdades, así como na diversidade de grupos sociais e culturais. Só a perspectiva crítica inherente ás Humanidades

permite abordar as repercusións tanto negativas coma positivas do cambio tecnolóxico a nivel humano e planetario. Todo isto non pode ter lugar sen valorar o grao, cada vez máis evidente, de interacción entre o biolóxico, o ecolóxico, o tecnolóxico e o cultural, como a emerxencia de novos enfoques transversais amosa ao aproximárense de xeito crítico á mutua influencia e imbricación destes distintos niveis.

Para iso cómpre valorar os problemas e retos sociais, culturais, éticos e ambientais do uso das novas tecnoloxías, desde a xenómica e as novas enerxías até a intelixencia artificial e a realidade virtual e aumentada. Tamén cómpre reflexionar sobre a necesidade de imaxinar tecnoloxías diversas en función da súa integración nun marco biolóxico e cultural tamén diverso que sexa quen de preservar valores como o da igualdade e o benestar. Moi en particular, a actualidade da intelixencia artificial e das novas tecnoloxías reclama unha atención urxente e, polo tanto, cómpre tamén estudar as interrelacións entre a cognición humana, a animal e a computacional, atendendo os retos filosóficos que todo isto representa.

Un estudo axeitado da ontoloxía e a epistemoloxía dos obxectos científicos e tecnolóxicos resulta tamén preciso, así como reconsiderar criticamente a tecnoloxía como ferramenta para o progreso da especie humana (o proxecto «transhumanista») e problematizar a súa efectividade na procura do benestar humano e a sustentabilidade do planeta. Finalmente, os estudos humanísticos deben considerar o impacto tecnolóxico na difusión, diversificación e transformación dos coñecementos, as culturas, as creatividade e as artes, sen deixar de atender á súa función nuclear de conservar, estudar, transferir e difundir o legado literario, artístico e cultural; en particular, cómpre pescudar a relación entre ciencia, arte e tecnoloxía. Tamén se abrangue aquí a contribución do estudo da linguaxe a estes temas, no seo dun enfoque interdisciplinario e transversal.

#### LIÑAS DE INVESTIGACIÓN PRIORITARIAS:

1. Mente, linguaxe, cognición e razoamento
2. Filosofía da tecnociencia, da intelixencia artificial e da realidade virtual
3. Humanidades dixitais
4. Transhumanismo
5. Intermedialidade e estudos teatrais, da performance e da música

6. Estudos da creatividade
7. Industrias culturais

### 3.3. IDENTIDADES, CAMBIO GLOBAL E MOBILIDADES

A oportuna articulación do local co global (ou o chamado «glocal») é unha temática ineludíbel da sociedade actual, caracterizada máis que nunca polos desprazamentos humanos. Estes adoitan verse dificultados polo establecemento de novas fronteiras e o endurecemento das xa existentes, de carácter xeopolítico, cultural ou ontolóxico.

A mobilidade humana tamén pode responder ás tensións xeradas entre unha globalización homoxeneizante e a produción e reprodución de identidades individuais e colectivas, incluíndo aspectos culturais, lingüísticos, literarios, artísticos e sociais. As identidades semellan reforzarse e esvaecerse ao mesmo tempo, coa emerxencia de novas categorías fluídas, abertas e globais que coexisten coas herdadas, en moitas ocasións construídas por contraste ou negación das alteridades que, pola súa banda, poden desenvolverse tamén coma proxectos de seu.

A aspiración humana a unha sociedade inclusiva, democrática e igualitaria implica fomentar a creación e a cultura, abrangendo tanto o material como o inmaterial, así como pór en valor a relevancia da memoria como ferramenta para comprender discursos pasados no contexto dos retos presentes. Asemade, cómpre considerar a importancia das emocións e os afectos como categorías epistémicas para o estudo das identidades e das relacións comunitarias.

Por outra banda, resulta preciso analizar de forma crítica os procesos de mundialización e globalización. Só deste xeito seremos quen de deamos contribuído a contrarrestar a forza homoxeneizadora das dinámicas globais fronte as identidades e comunidades minoritarias e/ou minorizadas na procura dun equilibrio máis xusto e inclusivo.

Finalmente, a análise crítica e multidisciplinaria do pasado resulta imprescindible para comprender que a sociedade actual non é a única posíbel. En efecto, os retos do presente atoparon respostas moi diferentes ao longo do tempo.

## LIÑAS DE INVESTIGACIÓN PRIORITARIAS:

1. Estudos da globalización e dos fluxos transnacionais
2. Memoria e herdanzas culturais
3. Estudos da fronteira
4. Identidades culturais e (etno) territoriais
5. Estudos das emocións

## CABO

A iniciativa de crear un Instituto de Investigación en Humanidades e Ciencias Sociais xorde en 2020 na Universidade de Santiago de Compostela (USC) ante a necesidade perentoria de contar cunha estrutura de investigación institucionalmente estábel que permita favorecer, visibilizar, artellar, recoñecer e difundir as actividades de investigación das áreas de Humanidades e Ciencias Sociais na universidade. De feito, o *Libro blanco de la investigación en Humanidades* do FECYT (2006) xa indicaba que resulta esencial «potenciar la creación de institutos de investigación de Humanidades en las universidades como referente básico de investigación, dotándoos de recursos» (p. 54). Ao contrario do que sucede noutras disciplinas de carácter técnico ou biomédico, o Estado español non conta con estruturas de investigación para as Humanidades destas características. Isto supón, tanto para a USC coma para o Sistema Universitario Galego, unha oportunidade estratéxica de situarse na vangarda da investigación nas Humanidades.

A excelencia coa que as Humanidades levan a cabo a súa investigación queda patente nos ránkingos QS. Mentres que a USC no seu conxunto se atopa en xeral no intervalo 751-800, o global de Artes e Humanidades é 337. Resulta, polo tanto, esencial liderar esta iniciativa, no só por xustiza comparativa con respecto a outras áreas de investigación e á luz de resultados obxectivos, senón tamén porque a estruturación da investigación en unidades máis sólidas e competitivas é coherente coas políticas de investigación universitaria.

Un chanzo esencial na traxectoria cara ao iHUs ten sido o agrupamento das dez unidades de investigación competitivas do SUG que teñen integrado o Programa Agrupado de



Investigación e Xestión de Humanidades e Ciencias Sociais en 2022 como instrumento administrativo para a coordinación de capacidades, competencias e recursos, como, por exemplo, coa adhesión de dous novos técnicos superiores de xestión da investigación financiados cos ingresos destes grupos. Deste xeito, este agrupamento incipiente de Humanidades e Ciencias Sociais ten actuado como ente promotor desta iniciativa para a creación do iHUs desde a súa conformación.

En definitiva, o iHUs nace a partir destas premisas e como resposta a retos sociais urxentes de carácter local, nacional e global, representando unha oportunidade única para a USC de posicionarse na vangarda da investigación e da excelencia científica. En síntese, as tres prioridades de investigación estipuladas nesta Axenda científica representan as capacidades dos investigadores/as que o integran, mais tamén as súas posibilidades de futuro, a través da análise crítica de problemáticas que requiren da transversalidade e interdisciplinariedade necesarias para comprendermos a complexidade do ser humano, das sociedades que conforma e do mundo que habita. Cumpriábase así co que o *Regulamento de creación e xestión de Institutos de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela (31/01/2018)* establece no seu artigo 2 (obxectivos) como estratexia para acadar o «fin esencial dos Institutos de Investigación»: «unha perspectiva multi e interdisciplinaria».

## 4. ESTRUCTURA DE GOBERNO

### 5.1. MARCO NORMATIVO

O Instituto de Investigación en Humanidades (iHUs) constitúese como Instituto de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela (USC) que nace co obxectivo estratéxico de desenvolver coñecemento de excelencia como base para o progreso e competencia en Humanidades.

O Instituto formará parte do conxunto de Institutos Universitarios de Investigación da USC, como unha unidade de investigación supragrupal, cunha vocación de referencia e permanencia integrando investigadores/as de elevada competencia científica e tecnolóxica no ámbito das Humanidades en todas as súas vertentes, tanto básicas como aplicadas, actuando como referencia na súa proxección académica, social e económica.

A súa constitución realízase sobre a base do disposto na Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, de Sistema Universitario, da Lei 6/2013 do 13 de xuño do Sistema Universitario de Galicia, dos Estatutos da USC e do Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC.

### 5.2. GOBERNANZA

O Instituto iHUs, segundo o seu Regulamento de Réxime Interno (RRI), estará rexido por dous órganos de goberno colexiados e dous órganos unipersoais. Ademais, contará cun órgano asesor externo formado por expertos/as dos ámbitos das Humanidades directamente relacionados coa súa Axenda Científica.

Os órganos colexiados :

- Xunta de Goberno: é o órgano de goberno colexiado principal do instituto.

Está composto estará composta a lo menos por:

- a) O Reitor da Universidade, ou Vicerreitor en que delegue, que a presidirá e a convocará.
- b) O(s)/a(s) Vicerreitor(es)/a(s) con competencias en materia de investigación da USC, que poderá actuar como Vicepresidente/a.
- c) Un vogal en representación do Consello de Goberno da USC, nomeado polo Reitor.
- d) Un vogal en representación do Consello Social da USC.
- e) De habelos, os representantes de institucións públicas ou privadas que contribúan de maneira substancial e estable ao financiamento ou á actividade investigadora do Instituto.
- f) O Director ou a Directora do Instituto.
- g) O Secretario ou Secretaria do Instituto, que o será tamén da Xunta de Goberno.

Son funcións da Xunta de Goberno:

- a) Aprobar a elección do Director do Instituto tras a proposta do Consello Científico e, de darse o caso, propoñerlle a súa remoción ao Reitor, mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros.
  - b) Aprobar a proposta de orzamento e a programación do Instituto.
  - c) A aprobación da memoria anual de actividades e a memoria económica, da que se lle dará conta ao Consello de Goberno da USC.
  - d) A promoción do financiamento e a dotación do Instituto.
  - e) A proposta ao Consello de Goberno da USC da incorporación á Xunta de Goberno do Instituto de novos membros, en representación da comunidade universitaria ou de institucións públicas ou privadas.
  - f) A proposta ao Consello de Goberno da USC da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Instituto.
  - g) Outras funcións que estableza o Regulamento de Réxime Interno do Instituto en desenvolvemento dos Estatutos da USC.
- Consello Científico: estará composto por:
    - a) O/a director/a do Instituto que o convocará e o presidirá.
    - b) O/a secretario/a do Instituto que o será tamén do Consello Científico.
    - c) Os doutores membros do persoal científico do Instituto que especifique o Regulamento de Réxime Interno.
    - d) Unha representación do persoal investigador non permanente e en formación vinculado ao Instituto equivalente ao 15% do total do Consello Científico.
- O Consello Científico reunirse, polo menos, dúas veces ao ano en período lectivo.

Son funcións do Consello Científico:

- a) A proposta á Xunta de Goberno da persoa que exerza a dirección do Instituto.
- b) A aprobación do ingreso de novos membros do persoal científico do Instituto, e o seu cesamento. O acordo correspondente deberá contar co informe previo da Comisión Asesora Externa e deberá ser ratificado pola Xunta de Goberno do Instituto
- c) A información das propostas de programas, orzamento e memoria económica e de actividades do Instituto.
- d) A programación das actividades científicas, docentes e de asesoramento técnico do instituto e a vixilancia da súa realización.
- e) A información dos contratos do Instituto ou do seu profesorado.
- f) Outras funcións que dispoña o seu Regulamento en desenvolvemento dos Estatutos da USC.

Os órganos unipersoais:

- Director ou Directora: a persoa que exerza a dirección do Instituto será elixido entre o persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela co título de doutor e vinculación permanente á Universidade, e vinculación formal ao Instituto; exercerá a representación deste así como as funcións de dirección e xestión ordinaria.

A persoa que exerza a dirección do Instituto será elixido pola Xunta de Goberno, tras a proposta do Consello Científico.

Correspóndelle ao Director/a:

- a) A convocatoria e a presidencia do Consello Científico, a execución dos seus acordos e a súa representación perante o Consello de Goberno da USC.
  - b) A representación do Instituto no ámbito da súa competencia.
  - c) A elaboración das propostas de orzamento e a programación do Instituto.
  - d) A redacción da memoria de actividades e a memoria económica.
  - e) A proposta ao Reitor para o nomeamento da persoa que exerza como secretario.
  - f) A autorización dos gastos dentro do orzamento anual
- Secretario ou Secretaria xeral: a persoa que exerza como secretario do Instituto é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Instituto e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición de certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do Instituto.

Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomende o Director de acordo coa a lexislación vixente e os Estatutos da USC. 13.2 O/a secretario/a será nomeado polo Reitor, logo da proposta do Director, de entre o persoal científico do instituto que reúna os requisitos establecidos no artigo 71 dos Estatutos da USC ou os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 que presten servizos no instituto.

A estrutura e as relacións deste modelo de gobernanza interno quedan reflectidos nos seguinte organigrama:




Figura 1: Composición dos órganos de goberno do iHUs. Elaboración propia.




Figura 2: Organigrama funcional do iHUs. Elaboración propia.

## 5.3 RÉXIME DE FUNCIONAMENTO INTERNO

O funcionamento do Instituto quedará regulado en base ao Regulamento de Réxime Interno que se inclúen como Anexo deste Plan Estratéxico e que estarán suxeitos á súa aprobación en Consello de Goberno.

A vinculación de personal docente e investigador (PDI) ao Instituto de Investigación en Humanidades da USC farase por medio dunha convocatoria pública e aberta, de expresións de interese, que se dirixirá ao PDI estábel da institución, así como a outros/as investigadores/as non permanentes postdoutorais contratados/as con cargo a programas de recursos humanos competitivos, nas áreas temáticas e nas liñas de investigación relacionadas cos eixos, obxectivos e prioridades que se recollen na axenda científica do iHUs.

Tras a recepción das solicitudes, abrirase de oficio un prazo de custodia administrativa e de avaliación dos criterios e dos méritos sinalados na convocatoria, ademais da valoración do seu encaixe e da pertinencia ou da idoneidade da adaptación dos perfís e dos proxectos presentados cos temas e coas liñas de investigación do Instituto.

Esta avaliación será realizada pola Comisión Asesora Externa do iHUs. O informe producido por esta Comisión someterase ao Consello Científico para á súa aprobación e finalmente ratificaranse pola Xunta de Goberno do iHUs, ao abeiro do Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC, e ao artigo 12.3 do Regulamento de Réxime Interno (RRI) do iHUs.

Na medida de que a normativa da USC só permite a vinculación de investigadores a un Centro ou Instituto de investigación universitario, o compromiso de vinculación será por un mínimo de catro anos, tal e como queda manifestamente recollido no artigo 12.3 do RRI do iHUs.

A desvinculación do persoal ao Instituto será aprobada pola Xunta de Goberno do Instituto e terá causa nalgunha das seguintes situacións (art. 12.3 do RR.II do iHUS):

- a) A instancias do Consello Científico do Instituto, da comisión Asesora Externa e/ou do/a director/a do Instituto.
- b) A instancias do interesado/a, por calquera causa, cun preaviso de 9 meses, agás que haxa un acordo para establecer outro prazo.
- c) Por perda de vinculación contractual coa USC.

## 5. PLAN DE ACCIÓN XERAL IHUS 2023-2027

O Plan de Acción do IHUS para o período 2023-2027 está organizado de acordo a unha estrutura de X Programas Estratéxicos e X accións que se desenvolverán nos vindeiros anos, e que se atopan aliñados cos obxectivos xerais que o Instituto pretende acadar:

### 1) OBXECTIVO 1: Desenvolver dinámicas colaborativas de centro

#### *a) P1: Programa de promoción de colaboración interna*

##### PROPOSTAS DE ACCIÓNS:

A1: Desenvolver un plan efectivo de comunicación interna.

A2: Promover un programa de seminarios internos: Desenvolvemento estratéxico da axenda científica entre os/as investigadores/as vinculados.

A3: Elaborar un manual de boas prácticas en Investigación.

A4: Crear un seminario de acceso ao centro para o persoal investigador pre e post doutoral, que conte asemade con soportes complementarios, como, por exemplo, puidera ser un Manual de Benvida.

A5: Promover a creación dunha carteira visible de metodoloxías e recursos dispoñibles.

A6: Promover unha convocatoria de proxectos de colaboración interna.

A7: Promover a o incremento de futuros doutorandos/as vinculados/as ás prioridades de investigación do iHUS.

A8: Promover a realización de seminarios/obradoiros especializados impartidos polos investigadores/as do iHUS ou expertos/as externos/as.

A9: Promover a oferta de bolsas de iniciación á investigación no iHUS relacionadas coas prioridades de investigación para alumnado de mestrado.



**b) P2: Programa de Igualdade e apoio á diversidade**

**PROPOSTAS DE ACCIÓNS::**

A1: Estabelecer un protocolo de igualdade e apoio á diversidade para o iHUS.

A2: Estabelecer sinerxías con outros centros de investigación en estudos feministas na USC (CIFEX) e no resto do Estado, e con outros centros de estudos sobre a diversidade cultural, funcional, así como con organizacións que desenrolen un labor relevante no eido da inmigración.

A3: Colaborar coa Oficina de Igualdade de Xénero da USC (OIX) no desenvolvemento de cursos e seminarios relacionados co apoio á igualdade e á diversidade.

A4: Contribuír ao deseño e desenvolvemento de campañas de difusión coa cidadanía mediante todo tipo de formatos: seminarios, conferencias e obradoiros sobre igualdade e apoio á diversidade.

A5: Establecer sinerxías con centros de investigación de fóra de Galicia especializados en estudos LGTB+, queer, sobre diversidade funcional e contra o racismo e a intolerancia.

**2) OBXECTIVO 2: Promover a investigación de excelencia**

**a) P1: Programa de excelencia científica en Investigación e innovación.**

**PROPOSTAS DE ACCIÓNS:**

A1: Desenvolver unha carteira de proxectos estratéxicos relacionados coa Axenda Científica.

A2: Desenvolver un plan de política de produción científica e mellora do impacto da investigación.

A3: Crear un laboratorio de ideas de novos temas de investigación.

A4: Desenvolver un programa de adquisición de equipamento de infraestruturas críticas.

A5: Identificar as convocatorias dos programas europeos relevantes aos que dirixir proxectos de investigación de alcance europeo.

A6: Apoiar a elaboración de candidaturas para proxectos de investigación europeos.

A7: Creación dun protocolo de garantía de calidade que vele polo cumprimento dos obxectivos marcados consonte ás políticas de excelencia e calidade no ensino universitario, promovida dende o órgano competente do Goberno da USC, e en colaboración con este.

### **3) OBXECTIVO 3: Desenvolver, atraer e fixar talento a través do deseño de estratexias de apoio á carreira investigadora en humanidades**

#### ***a) P1: Programa de recursos humanos de investigación.***

##### **PROPOSTAS DE ACCIÓNS:**

A1: Deseñar un protocolo de acollida de persoal investigador.

A2: Desenvolver unha política de apoio á carreira investigadora. Plan de Asesoramento e programas de mentorado entre talento consolidado e talento novel.

A3: Desenvolver e implementar un Programa de Doutoramento en Humanidades, aliñado coas tres prioridades da Axenda Científica e as súas liñas de investigación.

#### ***b) P2: Programa de formación e captación de talento.***

##### **PROPOSTAS DE ACCIÓNS:**

A1: Deseñar unha estratexia de captación e retención do talento exterior e interno, nun aliñamento coa evolución da Axenda Científica.

A2: Deseñar unha política de apoio ao desenvolvemento da carreira científica.

### **4) OBXECTIVO 4: Promover a colaboración coas áreas de Ciencias Experimentais, Técnicas e Sociais**

#### ***a) P1: Programa de colaboración externa***

##### **PROPOSTAS DE ACCIÓNS:**

A1: Desenvolver unha política de alianzas estratéxicas con outros centros e institutos de investigación tanto a nivel interno (USC), como en materia de

promoción de redes, alianzas e networking no exterior, ben sexa na Eurorexión (Galicia-Norte de Portugal) como en Latino América, ou na Unión Europea.

A2: Diseñar unha convocatoria de proxectos colaborativos interdisciplinarios.

A3: Promover un seminario de colaboración transdisciplinar (anual) para os/as investigadores/as do iHUS e para a comunidade universitaria en xeral.

## 5) OBXECTIVO 5: Promover a transferencia e a difusión de coñecemento derivados da investigación en Humanidades

### a) *P1: Programa de valorización e transferencia*

#### PROPOSTAS DE ACCIÓNS:

A1: Promover a creación dun plan de transferencia.

A2: Elaborar un manual de boas prácticas para a aplicación da política de ciencia aberta e xestión de datos de investigación.

A3: Asociar expertos en materias de asesoramento científico e técnico especialista coas estruturas estatais, en materia de I+D, comunicación e goberno.

A4: Promover a elaboración da carteira de capacidades e mapa de servizos do iHUs.

A5: Incentivar a negociación e a celebración de novos convenios e cátedras con fundacións privadas, institucións e axentes sociais.

A6: Crear unha plataforma de acceso aberto cos recursos e resultados do iHUs.

A7: Elaborar un itinerario de valorización para resultados e capacidades de investigación.

A8: Promover xornadas de traballo cos axentes socio-económicos da contorna.

A9: Promover a divulgación e a difusión das Humanidades, por medio de ciclos de conferencias abertas á sociedade e que sexan atractivas e rechamantes para a cidadanía e o tecido social.

A10: Organizar xornadas de 'Portas Abertas' destinadas á comunidade universitaria e á sociedade en xeral para un mellor coñecemento da sociedade dos resultados e das achegas en materia de transferencia e difusión do coñecemento humanístico.

A11: Promover as relacións co ensino primario e secundario e fortalecer as sinerxías con programas como 'A Ponte'.

A12: Promoción dos resultados a través da visualización dos resultados da investigación por medio de distintos formatos e técnicas mixtas, como poderían ser a organización de exposicións itinerantes relacionadas coas achegas do iHUs no tecido produtivo e social.

**6) OBXECTIVO 6: Promover o posicionamento, visibilidade e liderado da investigación en Humanidades en Galicia**

***a) P1: Programa de posicionamiento e visibilidade (divulgación, comunicación, difusión)***

**PROPOSTAS DE ACCIÓNS:**

A1: Promover as labores de mecenado e captación de recursos en rede, en colaboración con centros afíns no sistema galego de I+D+i.

A2: Deseñar un plan de divulgación científica.

A3: Deseñar unha páxina web para o iHUS en varios idiomas (galego, inglés, francés, alemán, castelán...), posicionamento en web e un plan de difusión a través de redes sociais.

A4: Interacción coa sociedade: Ciclo de charlas con profesionais e outros axentes da sociedade.

A5: Promover a creación dun boletín de noticias sobre proxectos e eventos.

**b) P2: Programa de apoio á investigación**

**PROPOSTAS DE ACCIÓNS:**

A1: Promover a creación dunha unidade de xestión e promoción de I+D+i no seo do iHUS

A2: Promover a creación dunha unidade de apoio á investigación.

**c) P3: Programa de internacionalización**

**PROPOSTAS DE ACCIÓNS:**

A1: Promover convenios de colaboración con centros internacionais.

A2: Desenvolver estratexias de posicionamento en redes e plataformas europeas.

A3: Asesoramento experto científico e técnico especialista para o incremento da taxa de depósito en proxectos europeos, baixo a modalidade de concorrencia competitiva.

A4: Desenvolver programas de mobilidade internacional para o persoal investigador do iHUS.

A5: Fomentar as publicacións científicas con coautoría internacional

## 6. PROGRAMACIÓN SECTORIAL 2023 -2027

Tres son as prioridades de investigación do iHUS: (a) Antropoceno, benestar e xustiza, (b) Tecnociencia, dixitalización e mundos virtuais, e (c) Identidades, cambio global e mobilidades. O plan de acción sectorial que presentamos aquí parte desas “liñas de investigación” mestras xa indicadas na “Axenda científica” a partir dos retos do noso tempo. En resumo, trátase dun plan de acción innovador que ten que ver con proxectos de investigación vixentes, ou futuros en vindeiras convocatorias, organización de congresos e seminarios específicos, así como con teses de doutoramento en curso dirixidas polos investigadores/as que conforman o iHUS, sempre pensadas desde os problemas e inxerencias do noso tempo.

### A. PLAN DE ACCIÓNS VINCULADAS COA PRIORIDADE “ANTROPOCENO, BENESTAR E XUSTIZA”.

Trátase de afondar ou poñer en marcha as seguintes liñas de proxectos, teses, publicacións e seminarios específicos sobre os seguintes temas:

- **Acción 1.** A crise ecolóxica, estudos críticos de sustentabilidade e modelos e cambio social, como os modelos e cambios sociais alternativos (tales como decrecemento) que tentan xestionar esta crise. Ecoloxía política, sociedade e transicións enerxéticas na historia, nas ruínas actuais do capitalismo e nas ruínas do futuro que afloran no pensamento ou nas artes e na literatura e no cinema.
- **Acción 2.** Estudos de xénero, equidade e diversidade sexual, cultural, nacional, lingüística, social, territorial, etc.
- **Acción 3.** Estéticas subalternas e nas desigualdades sociais e xeopolíticas na historia e no presente.
- **Acción 4.** Diferenzas sociais e crises sanitarias no presente e na historia.

- **Acción 5.** Técnicas de creación artística e performativa, exposición e divulgación acordes coas políticas ecolóxicas e sociais.
- **Acción 6:** Ecocrítica, ética animal e equidade no contexto de cambio global e crise ecolóxica.

## **B. PLAN DE ACCIÓNS VINCULADAS COA PRIORIDADE “TECNOCENCIA, DIXITALIZACIÓN E MUNDOS VIRTUAIS”.**

Trátase de afondar ou poñer en marcha as seguintes liñas de proxectos, teses, publicacións e seminarios específico sobre os seguintes temas:

- **Acción 1.** Ontoloxía e epistemoloxía da ciencia e da tecnoloxía, da realidade virtual e dos obxectos técnicos. Traballos conceptuais e analíticos sobre problemas ontolóxicos, epistemolóxicos e éticos relacionados coas ciencias (formais, experimentais, humanas e sociais).
- **Acción 2.** Cognición humana, animal e artificial e a súa interrelación.
- **Acción 3.** Cibernética, transhumanismo e novas tecnoloxías.
- **Acción 4.** Novas linguaxes e revisións críticas dos medios e das industrias culturais.
- **Acción 5.** Arte total e performatividade no mundo contemporáneo e na historia.
- **Acción 6.** Cultura audiovisual, música, historia do cinema, videoxogos e estudos intermediais.
- **Acción 7.** Novas técnicas de exposición e presentación nas redes sociais e nos medios dixitais, e restitución 3D como ferramentas de investigación e difusión.
- **Acción 8:** Creación de mapas sonoros a partir da investigación realizada.
- **Acción 9:** Realización de realidade virtual coa que presentar, nun formato diferente, as investigacións levadas a cabo.

### C. PLAN DE ACCIÓNS VINCULADAS COA PRIORIDADE “IDENTIDADES, CAMBIO GLOBAL E MOBILIDADES”.

Trátase de afondar ou poñer en marcha as seguintes liñas de proxectos, teses, publicacións e seminarios específicos sobre os seguintes temas:

- **Acción 1.** Conflictos identitarios de natureza étnica, as formas de violencia ligadas a eles, fronteiras e políticas do territorio na historia, na literatura e nas artes. Así como sobre a xeopolítica das fronteiras e cooperación transfronteiriza.
- **Acción 2.** O tránsito da urbanización á espectacularización e a urbanalización. Espazo público e procesos imparábeis de urbanización na historia e no mundo contemporáneo. As ruralidades nun mundo urbano. Ecoloxías sonoras do espazo urbano.
- **Acción 3.** Colonialismo, postcolonialismo e decolonialidade no presente e na historia.
- **Acción 4.** A historia e o presente das migracións e das mobilidades humanas.
- **Acción 5.** Historia, natureza e epistemoloxía das emocións e os afectos.
- **Acción 6.** Historia da cultura, a arte, a música, a literatura e o cinema en Galicia, e historia e presente do Camiño de Santiago.
- **Acción 7:** Historia e presente das identidades relixiosas.



## 7. SERVIZOS TÉCNICOS

Co obxectivo de xerar unha fonte de ingresos complementaria para o desenvolvemento de estratexias de investigación propias, o iHUs traballará a prol do deseño e do mantemento dun programa de prestación de servizos cos profesionais da contorna produtiva e coa comunidade, onde se identificarán prestacións altamente competetivas e intensivas en coñecemento.

Esta oferta de prestacións mediante contratos regulados no ámbito do artigo 60 da LOSU conforma a carteira de servizos do iHUs e coordínase desde a dirección científica do Instituto. O seu acceso e promoción garantízase dende a oficina técnica do Instituto, que dependerá orgánica e funcionalmente da propia dirección científica do iHUS, cuxa estruturación funcional se recolle na seguinte táboa:

FICHA IDENTIFICATIVA DE FUNCIONS	
IDENTIFICACIÓN E REFERENCIA NO POSTO DE TRABALLO	
DEPARTAMENTO OU ÁREA	<ul style="list-style-type: none"> <li>iHUS</li> </ul>
DEPENDENCIA DIRECTA	<ul style="list-style-type: none"> <li>Director-a</li> <li>Secretario-a</li> </ul>
OBJECTIVOS	
1.0	Contribuir a proxección e á maior visibilidade da actividade investigadora e dos servizos que a sustentan as capacidades de
2.0	Promocionar as actividades de I+D de todo o persoal investigador vinculado ao Instituto en concertación coa USC.
3.0	Normalizar os procesos de interacción e de relación cos servizos universitarios nunha perspectiva de calidade e de mellora continua.
4.0	Asesorar aos investigadores nas fórmulas máis axeitadas para concretar as súas propostas de servizos intensivos en coñecemento.
FUNCIONS XENÉRICAS	
1.0	Programar e facer un seguimento regular das convocatorias publicadas pola oficina de I+D, prestando asesoramento individual e colectivo aos investigadores e investigadoras do iHUS, promovendo a súa unidade e a salvagarda dunha cultura común.
2.0	Contribuir á avaliación regular da situación dos servizos de investigación ofertados, achegando informes de resultados, para a consolidación do balance con indicadores de rendemento.
3.0	Promocionar a cultura do centro, mediante a dinamización de actividades internas e externas que melloren a visibilidade dos servizos e das actividades de I+D vixentes.
4.0	Executar as liñas estratéxicas do Plan estratéxico do centro.
MARCO DE RELACIONS	
INTERNO	<ul style="list-style-type: none"> <li>Reitoría</li> <li>Vicerreitorías</li> <li>Xerencia</li> <li>Servizos de apoio á I+D</li> <li>Oficina de Relacións Internacionais</li> <li>Unidades de apoio ao emprendemento</li> </ul>

Táboa 1: Ficha descritiva das función da unidade técnica de apoio ao iHUs.

Entre a carteira de servizos propostos, pódense citar, a título de exemplo, os seguintes:

1. Servizos culturais e documentais, de inventario, catalogación e indexación do patrimonio histórico (material e inmaterial).
2. Comisariado e coordinación de exposicións, seminarios e actividades de difusión e sensibilización social.
3. Laboratorios de fonoloxía, interpretación e tradución.
4. Servizos de dixitalización da memoria e de creación para a consolidación de bases de datos de corpus textuais de referencia.
5. Dixitalización de mapas, cartas, planos e corpus arquivístico.
6. Asesoría e asistencia científica e técnica en materia de dixitalización e de conservación do patrimonio documental, bibliográfico e hemerográfico.
7. Traballos de campo: escavacións de xacementos arqueolóxicos e estudos paleontolóxicos.
8. Servizos de asistencia científica e técnica ou de peritaxe mediante cartografía e SIX.
9. Estudos para a análise e a diagnose das problemáticas vencelladas ao desenvolvemento urbano.
10. Estudos patrimoniais e arquitectónicos.
11. Informes e estudos territoriais e locais, especialmente de cooperación e estratexia transfronteirizas.

## 8. CURRÍCULO RESUMIDO DA BASE CIENTÍFICA DO INSTITUTO

### 9.1. INVESTIGADORES/AS GARANTES

(orde alfabética)

**Fernando Cabo Aseguinolaza** é Catedrático de Teoría da literatura e Literatura comparada na Universidade de Santiago de Compostela. Realizou edicións de *El guitón Onofre* (1988), *El Buscón* (1993, 2011) e *Execración contra los judíos* (1996). Tamén é autor dos libros *El concepto de género y la picaresca* (USC, 1992), *Infancia y modernidad literaria* (Biblioteca Nueva, 2001) e *Manual de teoría de la literatura* (Castalia, 2006), xunto con María do Cebreiro Rábade Villar. En 2010 a editorial John Benjamins de Amsterdam publicou o primeiro volume de *A Comparative History of Literatures in the Iberian Peninsula*, editado por Fernando Cabo, Anxo Abuín e César Domínguez, dentro da serie *Comparative history of literatures in European languages* de la ICLA. Máis recentemente apareceu o volume *El lugar de la literatura española* (2012), realizado por Fernando Cabo, que forma parte da *Historia de la literatura española* de la editorial Crítica, dirixida por José-Carlos Mainer. Na actualidade, Fernando Cabo participa nun proxecto de investigación titulado “La inscripción de la memoria cultural en el espacio público: estrategias de consumo institucional del pasado literario (1837-1978)” (PID2021-127259NB-I00). A súa liña de investigación actual céntrase nal análise espacial, a memoria pública literaria e a literatura mundial. Desde xaneiro de 2013 ata xaneiro de 2017, é presidente da Asociación Española de Teoría de la Literatura (ASETTEL).

**Xavier de Donato Rodríguez** é o decano da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. É investigador principal 2 do proxecto “Deflationary Conceptions in Ontoloxía and Metaontology” (PID2020-115482GB-I00) financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación de España e investigador principal do proxecto da Fundación BBVA “Conceptual Engineering and Epistemic Disagreement: A Deflationary Ontosemantic Perspective”. Foi

becario predoutoral de “La Caixa” e do DAAD (servizo de intercambio académico alemán) e investigador predoutoral do Instituto de Filosofía da Ciencia da Ludwig-Maximilians-Universität (Munich, Alemaña), onde obtivo a tese doutoral en Lóxica e Filosofía da Ciencia no ano 2005. De 2006 a 2008 foi investigador postdoutoral no Instituto de Investigaciones Filosóficas da UNAM (México) dentro do programa de Humanidades. Tamén foi profesor convidado da UAM-I (México) en 2008. De 2009 a 2013 foi investigador do programa Isidro Parga Pondal na Universidade de Santiago de Compostela, onde dende 2017 é profesor contratado doutor con dous sexenios de investigación da ANECA (último tramo finalizado en 2017). Foi investigador visitante na Universidade de Brown (Providence, EE.UU.). Ten sido conferenciante en múltiples universidades de Europa, Estados Unidos, Hispanoamérica e China e foi profesor visitante na Università degli Studi di Torino (Italia) no marco do programa Erasmus+. Conta cuns 50 artigos en revistas de prestixio como *Synthese*, *Erkenntnis*, *Argumentation*, *Journal for General Philosophy of Science*, *Theoria* (Sweden), *Theoria* (Spain), *Crítica*, entre moitas outras, e tamén con múltiples capítulos de libro en editoriais nacionais e internacionais (Springer, de Gruyter, Brill/Rodopi, Edinburgh University Press, Trotta, Siglo XXI, etc.). Conta cun total de cinco teses de doutoramento dirixidas e actualmente dirixe outras dous teses. É profesor do mestrado interuniversitario de Lóxica e Filosofía da Ciencia dende 2021. Os seus campos principais de investigación son a filosofía de ciencia, a epistemoloxía analítica, a filosofía de mente e a teoría da argumentación. E membro fundador da Asociación Latinoamericana de Filosofía Analítica (ALFA), membro fundador da Rede Ibérica de Filosofía da Ciencia, membro fundador da Rede de Metasífica española, membro da Sociedade de Lóxica e Filosofía da Ciencia (SOLOFICI) e membro da Sociedade Española de Filosofía Analítica (SEFA). É investigador membro do grupo de investigación DISCURSO E IDENTIDADE (Facultade de Filoloxía, USC). Dende abril de 2023 é secretario do Colexio de Decanos de Filosofía de España.

**Javier Garbayo Montaves** é Profesor Titular de Historia da Música do Departamento de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela. Con anterioridade foi Profesor contratado no Conservatorio de Música de la Real Sociedad de Amigos del País e Profesor numerario de Música e Xefe do Departamento en varios Institutos de Bacharelato e ESO da cidade. Realizou estadías docentes e de investigación nas seguintes institucións: CIMRE, Universidade de Salamanca, Instituto Superior de Arte (A Habana, Cuba), Universidad

Nacional de Cuyo (Mendoza, Argentina), Instituciò Milá y Fontanals (CSIC-Barcelona) e Pontificio Stituto di Música Sacra (Roma). Foi colaborador na realización do Dicionario de la Música Española e Hispanoamericana (Ministerio de Cultura, SGAE) coa realización de máis de 250 voces, do Dicionario Biográfico Español (Real Academia de la Historia) e da Enciclopedia Galega Universal (Ed. Ir indo). É autor de publicacións en diferentes revistas como *Anuario Musical*, *Revista de Musicología*, *Cuadernos de Música (SGAE)*, *Quintana*, *Sémata*, ou *Porta da Aira*, así como editor/coordinador de varias edicións e autor de capítulos de libros. Foi membro do Comité editorial do *Anuario Musical. Revista de Musicología* do CSIC e de *Porta da Aira* e ten colaborado con diversas publicacións como avaliador de traballos musicolóxicos. Como investigador participou en diversos proxectos nacionais de I+D+i dende o GI-2025 da USC (Grupo organistrum) e é colaborador asiduo do grupo TECNOEDUC (GI-1438) co cal participou en diferentes proxectos europeos relativos a transferencia de coñecemento, metodoloxía e tecnoloxía aplicadas á educación dende una perspectiva interdisciplinar. Desempeñou os postos de Vicerreitor de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade na USC, director do Grupo de Traballo de Música na CIUG. Colaborador habitual desde 1992 da Área de Cultura da USC na programación de ciclos divulgativos de Música e outras actividades de extensión universitaria, actualmente é Delegado Académico da USC no Curso de Alta Especialización en Estudos Musicais (CAEO) da Escola de Altos Estudos Musicais do Consorcio de Santiago. É membro da CAPD do Programa de Xeografía, Historia e Historia da Arte. Ten dirixido catro teses de doutoramento que recibiron o máximo recoñecemento, así como numerosos traballos de fin de grado e mestrado. Posúe tres sexenios de investigación. Na actualidade leva adiante dúas liñas de investigación diferentes, a primeira relacionada coas intérpretes galegas dos séculos XIX e XX, especialmente as cantoras líricas e as súa proxección na península, Europa e América, e outra sobre a música na catedral de Lugo. É IP1 do I+D+i “Galicia-América: Música civil, ideoloxía e identidades culturais a través del Atlántico (1800-1950)” (PID2020-115496RB-I00), englobado dentro del Plan Nacional de Investigación.

**Javier Gutiérrez Carou** é catedrático de filoloxía italiana da USC. A súa investigación céntrase esencialmente na literatura teatral italiana dos séculos XVII e XVIII. Ata o presente foi investigador principal de catro proxectos de investigación autonómicos (1) e estatais (3). Forma parte dos comités académicos dos programas de doutoramento do PhD en Letterature

e culture classicas e modernas da Universidade de Genova e do PhD en Ciencias da Persoa e da Formación da Universidade Católica do Sacro Corazón de Milán. É tamén membro dos comités científicos dos centros de investigación Inter-universitäre und Interdisziplinäre Forschungsstelle Stuttgart-Venedig: Hybride Gattungen – proteische Figuren. Europäisches Drama der Frühen Neuzeit. Zirkulationen, Konfigurationen, Innovationen (Universität Stuttgart); Metastasio's Epistolary Texts Archive - META (Universidade de Genova); e Centro Studi "Pietro Camporesi" (Universidade de Bologna - <https://centri.unibo.it/centro-camporesi/it/centro>). Foi investigador visitante na Universidade Ca' Foscari de Venecia (2012) e en dúas ocasións profesor visitante na Universidade La Sapienza de Roma (2016 e 2019). É o creador e director da Archivo do Teatro Pregoldoniano (ArpreGo) no que colaboran habitualmente uns corenta investigadores de España, Italia, Francia e Austria.

**Laura M<sup>a</sup> Lojo Rodríguez** é Catedrática da Universidade e traballa no Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá, Facultade de Filoloxía (Universidade de Santiago de Compostela). Lojo é a coordinadora o grupo de investigación 'Discurso e Identidade', financiado en dúas convocatorias sucesivas (2015 e 2019) pola Xunta de Galicia dentro do programa para Grupos de Referencia Competitiva, é a Investigadora Principal 1 dun proxecto da Agencia Estatal de Investigación, e dun grupo de innovación docente. Lojo Rodríguez conta con catro tramos de investigación consecutivos recoñecidos polo CNEAI (sexenios: 1997-2003; 2004-2009; 2010-2015; 2016-2021), seis tramos de excelencia curricular recoñecidos pola ACSUG (Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia), e cinco quinquenios de docencia. Ademais, Lojo obtivo a calificación de EXCELENTE no programa de avaliación DOCENTIA, dirixiu máis de 50 traballos avanzados (TFMs, TITs e memorias de licenciatura), sete tesis doutorais e avaliou con éxito diversas solicitudes de contratos predoutorais a nivel autonómico e nacional (FPU). Tamén, a produción científica da autora foi publicada en editoriais internacionais e en revistas de impacto. Lojo participou en diversos proxectos de investigación nacionais e autonómicos, en redes de excelencia competitivas, é membro de diversos comités científicos e avaliadora de diferentes axencias nacionais e internacionais (ANEP, SEPIE, AQU, DAAD e AVAP).

**Pedro Manuel López Barja de Quiroga** é Catedrático de Historia Antiga na Universidade de Santiago de Compostela. Ao longo da súa carreira académica acadou un total de 110

publicacións, entre as cales, 30 son artigos recollidos en publicacións indexadas, 5 monográficos, 5 libros nos que figura como coordinador ou editor, 18 capítulos de libro en editoriais nacionais o estranxeiras, 14 recensións en publicacións indexadas e 21 palestras en actas de congresos (tanto nacionais como internacionais). Tamén realizou diversas estancias durante a súa carreira, no Wolfson College, na Universidade de Oxford, entre outubro de 2002 e xuño de 2003 e no University College London en 2016. Foi investigador principal de dous Proxectos de investigación da *Agencia Española de Investigación*. Actualmente é coordinador do grupo de referencia competitiva “Síncrisis-Investigacións en formas culturais”. Ten desempeñado diversos cargos no departamento de Historia I e na facultade de Xeografía e Historia.

**Federico López Silvestre** é Profesor Titular de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Galardoado co 'Premio Extraordinario' pola súa tese de doutoramento sobre Arte e Estética da Paisaxe (2005). Concedidos todos os sexenios de investigación solicitados ao CNEAI (2000-2005; 2006-2011; 2012-2017 -último do 22/08/2018-). 9 Teses de doutoramento dirixidas ou co-dirixidas dende o 1 de xaneiro de 2010 ata a data (a primeira defendida na Sorbona e merecedora do 'Premio Extraordinario'). Segundo "Google Scholar", en setembro de 2023 as súas publicacións recibiran un total de 671 citas. Índice H: 11 (no grupo que encabeza as áreas de Historia da Arte e Estética do Estado Español). Desde 2018 as citas ascenden a 317. Índice H: 8. Investigador principal (IP) do proxecto internacional “Yucunet” financiado no Programa H2020 a través do subprograma competitivo KA2 de axudas «Cooperación para a innovación» cun orzamento de 873.154 € (Código No: 617486-EPP-1-2020-1-ES-EPPKA2-CBHE-JP; EACEA - UE; presentáronse á convocatoria 1.005 solicitudes, das que só foron concedidas 164, situando o citado proxecto no Grupo 1 -13% top-). Investigador Principal (IP) do Proxecto da Axencia Estatal de Investigación do Goberno de España «Deparq» cun orzamento de 66.550 € (MICINN - Código No: PID2020-112921GB-I00). Ademais, participou noutros 12 proxectos de investigación e dirixiu un total de 4 convenios de investigación sobre paisaxe, museoloxía e arte contemporánea con diferentes institucións. Foi organizador ou coordinador de 20 congresos, encontros e seminarios nacionais e internacionais, e participou en máis de 80 seminarios, congresos ou simposios nacionais e internacionais en España e no estranxeiro. Traballo editorial de referencia no eido da Paisaxe e da Estética grazas ás colaboracións constantes cos mellores especialistas da

Europa continental (en especial, Besse, Milani, Tiberghien, Maderuelo ou Nogué) e con diversas institucións (CGAC, CCG, MdPG) e editoriais (Biblioteca Nueva, Díaz & Pons, Asimétricas). Con eles publicou: "El arte del paisaje" de Raffaele Milani, "La sombra de las cosas" de Jean-Marc Besse, "Amistar" e "Notas sobre la cabaña" de G. A. Tiberghien, "El arte de pasear" de K. G. Schelle, "El posanarquismo explicado a mi abuela" de M. Onfray, "Psicogeografía, arquitectura y urbanismo" de G. Debord, en edicións que recollen centos de citas en todo o mundo. Autor único de 6 libros publicados en editoriais de referencia (Biblioteca Nueva, Abada, Universidad de Salamanca, Asimétricas). Xunto a eles, suma un centenar de publicacións, entre traballos en revistas internacionais indexadas de gran repercusión, así como capítulos en editoriais estranxeiras ou moi valorados nos índices de calidade (como Springer, Longo Editore, Marcial Pons, Biblioteca Nueva ou Abada entre outros). Ten feito estadias de investigación en centros como a École des hautes études en sciences sociales de París, na Université Lumière Lyon-2, e na Universidade C. de Santiago de Chile, e ten sido membro tribunais de teses doutorais e de teses de posgrao en institucións como a Sorbona ou a Universidade Nacional Autónoma de México.

**Xosé Manoel Núñez Seixas.** Após obter o doutoramento en Historia Contemporánea polo Instituto Universitario Europeo de Florencia, foi profesor asociado, titular e catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela; entre outubro de 2012 e setembro de 2017 ocupou a cátedra de Historia Contemporánea de Europa na Universidade Ludwig-Maximilian de Múnich. Foi profesor convidado nas universidades de Paris VII, Paris X, Rennes, Bielefeld, Zentrum für zeithistorische Forschung (Potsdam), City University of New York, Stanford, Turín e Verona, así como no Colexo de Europa (Natolin, Varsovia). Os seus temas de investigación xiran arredor de tres eixos: a) o estudo comparado dos nacionalismos e identidades territoriais ibéricas e europeas; b) os estudos migratorios, en particular as dimensións sociopolíticas da emigración galega e española a América do Sur, c) a historia sociocultural da guerra e da violencia, e d) a memoria das ditaduras do século XX. Sobre estes temas publicou de forma extensa tanto en monografías e libros de ámbito español e internacional, como en revistas internacionais, e alcanzou un notable recoñecemento tanto a nivel ibérico como internacional. En 2019 obtivo o Premio Nacional de Ensaio polo seu libro *Suspiros de España. El nacionalismo español, 1808-2018* (Barcelona: Crítica, 2018, 2020 reed.; edición alemá, 2019, 2020). Dende xullo de 2018 é vicepresidente do Consello da Cultura



Galega (Santiago de Compostela). En decembro de 2020 foille concedido o Premio de Ensaio Ramón Piñeiro, e en novembro de 2021 o Premio Internacional de Ensaio Walter Benjamin. É director da revista *Studies on National Movements* (Amberes); é membro do consello de redacción das revistas especializadas *Historia Social* (Valencia) e *Passato e Presente* (Florencia), así como membro do comité asesor, entre outros, de *Nations and Nationalism* (Cambridge, 1999-2002), *Análise Social* (Lisboa), *Historia del Presente* (Madrid), *European History Quarterly* (Londres), *Segle XX* (Barcelona), *Cahiers de civilisation espagnole contemporaine*, *Historia, Trabajo y Sociedad*, *Spagna Contemporanea* (Turín), *Rúbrica Contemporánea* (Barcelona), *Revista Universitaria de Historia Militar, Nazioni e Regioni* (Bari), *Franquisme & Transició* (Barcelona), *Hispania Nova, Journal of Iberian and Latin American Literary and Cultural Studies*, *Estudos Ibero-Americanos* (Porto Alegre), *Anuario del IEHS* (Tandil, Argentina), *International Journal of Iberian Studies* (Londres), *Espacio, Tiempo e Forma. Serie V: Historia Contemporánea* (Madrid) e *Locus. Revista de História* (Juíz de Fora, Brasil). Conta con cinco sexenios de investigación (dous como titular, tres como catedrático), concedidos pola CNEAI (1990-2019).

**Valerià Paül Carril** é Profesor Titular da Universidade de Santiago de Compostela, onde traballou até entón como Profesor Contratado Doutor. Anteriormente foi Profesor Asociado na University of Western Australia (2014). Outros traballos previos inclúen postdoutorais obtidos en procesos competitivos da Xunta de Galicia e desenvolvidos na Universidade de Santiago de Compostela (programas Ángeles Alvariño elsidro Parga Pondal, 2008-2014) e un posto como investigador senior no Institut d'Estudis Territorials (Generalitat de Catalunya/Universitat Pompeu Fabra, 2007-2008). Paül é Licenciado en Xeografía (Universitat de Barcelona, 2001), Premio Extraordinario (2001) e 1º Premio Nacional de Fin de Carreira, outorgado polo Ministerio de Educación en 2002. Paül obtivo un sobresaliente cum laude pola súa tese doutoral en 2006, pola cal obtivo tamén o Premio Extraordinario de Doutoramento na Universitat de Barcelona. Participou en máis de 20 proxectos competitivos de investigación financiados pola UE, os gobernos australianos, español, galego e catalán. Proxectos nos que se centra principalmente na interdisciplinaridade dos estudos rexionais e rurais, como, por exemplo, o proxecto “Spatial Indicators for a ‘Europe 2020 Strategy’ Territorial Analysis” (SIESTA), financiado por ESPON, no que Paül foi Project Manager (2011-2013). Actualmente lidera a equipa española que participa en HIGHLANDS, un proxecto do

H2020 que está a levar a cabo entre 2020 e 2026 e que se centra na análise de iniciativas de desenvolvemento sustentábel en zonas de montaña. Tamén coordina o proxecto nacional “From Cross-Border to Inter-Regional Cooperation: Challenges and Opportunities for the Spanish State Governance. Learnings from the Spanish-Portuguese Border” (TRANSINTER-D, código PID2021-126922NB-C22), financiado polo Ministerio de Ciencia, a Axencia Española de Investigación e o FEDER. No eido da docencia, Paül ensina a nivel grao e posgrao e tamén supervisa distintas teses de doutoramento e máster. Actualmente conta con 6 teses doutorais defendidas baixo a súa dirección e ten 9 estudantes de doutoramento ao seu cargo, catro dos cales contan con bolsas de investigación de nivel rexional e estatal. Paül é autor de máis de 40 artigos en revistas científicas indexadas no WoS SSCI (JCR) (6 Q1; 6 Q2; 4 Q3; 8 Q4) e SCOPUS (13Q1; 11Q2; 9Q3; 5Q4), ademais de escribir máis de 70 capítulos de libro indexados no SPI (11 internacionais Q1; 14 español Q1; 34 español Q2; 11 español Q3; 8 español Q4). Tamén presentou máis de 120 comunicacións en congresos nacionais e internacionais e foi relator convidado en máis de 30 congresos. Desde mediados de 2020, Paül é co-presidente da International Geographical Union Commission on the Sustainability of Rural Systems (IGU CSRS), e entre xaneiro de 2018 e marzo de 2021 foi director do Centro de Estudos Eurorrexionais (CEER). Tamén desde 2020 é membro numerario do Institut d’Estudis Catalans e parte da xunta directiva da Societat Catalana de Geografia.

**Jorge Sacido Romero** é Profesor Titular de Filoloxía Inglesa na USC desde 12/03/2008. Conta con 2 tramos de investigación (sexenios) recoñecidos e (co-)dirixiu 3 teses de doutoramento. Foi (Co-)IP de 5 proxectos de investigación. Obtivo o premio extraordinario de doutoramento cunha tese sobre Joseph Conrad e ten traballos publicados sobre este autor e outros da tradición modernista e posmodernista británica. As súas principais liñas de investigación enmárcanse na crítica da ideoloxía, a psicanálise, os estudos da voz e do son, e e teoría e crítica do relato breve. En xestión ocupou os seguintes postos: Secretario de Departamento (5 anos), Coordinador de Grao (2 anos e 6 meses) e Coordinador de Máster (2 anos e 4 meses). É membro do Comité Exceutivo da Rede Internacional sobre transición enerxética *SILKWAY: energy connectivity environment people*.

## 9.2. INVESTIGADORES/AS PROMOTORES/AS

(orde alfabética)

**Anxo Eugenio Abuín González** é Catedrático de Literatura Comparada na Universidade de Santiago de Compostela. Dirixe o Proxecto Dicionarios de Literatura do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Xunta de Galicia). Actualmente é investigador principal do Grupo PERFORMA, financiado polo Ministerio de Innovación, sobre teatralidades contemporáneas, e director do Grupo de Investigación de Teoría literaria e Literatura comparada (USC). Os seus campos de traballo son os estudos de performance, as relacións interartísticas entre teatro e novas tecnoloxías e os estudos filmoliterarios. A súa última monografía é *Fuera del escenario: Teatralidades alternativas en la España actual* (2022), finalista do Premio ADE ao mellor ensaio.

**Benedict Buono** é Licenciado en Letras pola *Università di Torino* e Douctor en Filoloxía Italiana pola Universidad de Santiago de Compostela, onde actualmente é Profesor Titular de Historia da lingua italiana. Ocupase da edición de textos italianos do século XVI e do proceso de codificación e difusión da lingua italiana desde o Renacemento até o século XIX. Ademais, ocupouse de distintos aspectos de lexicografía bilingüe italiano-castelán e italiano-galego.

**Montserrat Capelán Fernández** é profesora da Universidade de Santiago de Compostela e coordinadora do Grupo de Investigación *Organistrum*; que conta coa denominación de Grupo con Potencial de Crecemento, outorgado pola Xunta de Galicia. Especialista en música americana (con especial énfase na música venezolana dos séculos XVIII e XIX) e en música galega e emigración (séculos XIX e XX), temas sobre os que editou varios volumes colectivos, e publicou numerosos artigos e capítulos de libros.

**Helena de Carlos Villamarín** é Catedrática de Filoloxía Latina na USC, onde exerce a docencia no seo do Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana. Doutora en Filoloxía Clásica pola USC no ano 1992, desenvolve a súa investigación no ámbito dos estudos medievais. Boleira da Fondazione Ezio Franceschini no curso 1992-93, foi tamén investigadora convidada pola SISMEL (Società Internazionale per lo Studio del Medioevo Latino) no curso

2017-2018. Tamén fixo frecuentes estadias de investigación nas universidades de Múnic e Friburgo, en Alemaña. As súas liñas esenciais de investigación son a Historiografía Latina medieval, a materia de Troia na Idade Media e a figura de Isidoro de Sevilla. En xeral, ten interese pola continuidade e a transformación da cultura antiga na Idade Media, especialmente desde un punto de vista literario.

**Fátima Díez Platas** é licenciada en Xeografía e Historia e en Filoloxía Clásica, DEA en Historia da arte e doutora en Filoloxía Clásica. Na actualidade é profesora titular de Historia da arte na Universidade de Santiago de Compostela. Formouse como investigadora nas universidades de Harvard, Oxford e o Instituto Warburg de Londres e é especialista en arte grega, estética antiga, iconografía do mito e as relacións entre a arte e a literatura. Desde o ano 2003 e ata a actualidade foi investigadora principal de sete proxectos financiados de ámbito nacional sobre a ilustración das obras de Ovidio entre os séculos XV e XIX, que se materializaron no sitio web OVIDIUSPICTUS-Biblioteca Dixital Ovidiana. Conta no seu haber con máis de cen publicacións nos ámbitos da iconografía, a arte grega e sobre todo a transmisión e pervivencia dos contidos mitolóxicos figuradas, con especial atención á ilustración da obra do poeta romano Publio Ovidio Nasón. Na contorna do traballo co seu equipo na Biblioteca Dixital Ovidiana está a desenvolver unha actividade investigadora sobre a relación entre o coñecemento humanístico do mito e das súas representacións e recepción e as posibilidades de achar novos resultados aplicando as tecnoloxías dixitais e de intelixencia artificial. Desde outubro de 2021 é a presidenta da Sociedade Internacional de Humanidades Dixitais Hispánicas (HDH).

**Margarita Estévez-Saá** é Profesora Titular de Literatura Inglesa e Norteamericana na Universidade de Santiago de Compostela, e coordinadora xeral do *Programa de Doutoramento Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura*, no que participan a UDC e a UVigo. No pasado coordinou o *Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións*, e programas de doutoramento en estudos ingleses distinguidos coa Mención de Excelencia. Estévez-Saá conta con catro tramos de investigación recoñecidos pola CNEAI (1997-2003; 2004-2009; 2010- 2015; 2016-2021), dez tramos de excelencia curricular recoñecidos pola ACSUG (Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia), e cinco quinquenios de

docencia. O seu labor docente foi avaliado como EXCELENTE polo programa DOCENTIA. Estévez-Saá ten dirixido catro teses de doutoramento, tres memorias de licenciatura e numerosos TFMs e TFGs. Ademais de participar en calidade de investigadora en proxectos nacionais e autonómicos, dirixiu un proxecto a nivel nacional, foi editora da revista *Papers on Joyce* e actualmente dirixe a revista *Estudios Irlandeses-Journal of Irish Studies*, ademais de pertencer ao comité editorial de varios xornais académicos da súa especialidade. As súas publicacións, centradas na literatura contemporánea en lingua inglesa que interpreta dende perspectivas e metodoloxías como os estudos de xénero, estudos transculturais, teorías posthumanistas e ecofeministas, teñen aparecido en revistas e editoriais de impacto a nivel internacional.

**Santiago Fernández Mosquera** é catedrático de Literatura española na *Universidade de Santiago de Compostela*, director da *Cátedra Inditex de Lengua y cultura españolas* en Bangladés e coordinador do *Grupo Calderón*. A súa investigación se centra no estudo da Literatura do Século de Ouro español, en particular na obra de Cervantes, Quevedo e Calderón.

**Oscar Horta** é profesor no Dpto. de Filosofía e Antropoloxía na Universidade de Santiago de Compostela. As súas publicacións inclúen varios libros e distintos artigos en revistas Q1 e Q2. O seu traballo ten recibido preto de 1400 citas a setembro de 2023, cun índice H de 18 e un índice H i10 de 29 segundo Google Académico. Recibiu así mesmo cerca de 50.000 visualizacións en Academia.edu, onde está no 2 % superior. Ten dado máis de 150 seminarios, conferencias convidadas e presentacións en máis de vinte países. Conta con tres quinquenios de docencia e tres sexenios de investigación. Recibiu o Premio Ferrater Mora de Ensaio 2007. Tamén ten desenvolvido diversas tarefas de xestión, tendo sido vicedecano e decano en funcións da Facultade de Filosofía, coordinador do Grao en Filosofía e actualmente coordinador do Programa de Doutoramento en Filosofía.

**María de la Concepción Martínez-Vidal** é Profesora Titular de Universidad especialista en na área de Lóxica e Filosofía da Ciencia na Universidade de Santiago de Compostela. As súas áreas de interese son a filosofía da lóxica e a filosofía da matemática, especialmente cuestións epistemolóxicas e metafísicas relacionadas coas temáticas mencionadas. Publicou múltiples artigos e capítulos de libros; é autora (con J.L. Falguera) de Lógica de Primer Orden e coautora

da entrada da Stanford Encyclopedia of Philosophy "Abstract Objects". Foi IP de máis de cinco proxectos do plan nacional, presidenta da SLMFCE e actualmente coordina o Grupo de Investigación EPISTEME.

**Manuela Palacios González** é Profesora Titular de Filoloxía Inglesa na Universidade de Santiago de Compostela. Dirixiu seis proxectos de investigación sobre as escritoras galegas e irlandesas actuais financiados polo Ministerio de Ciencia e Innovación. A súa monografía *Us & Them. Women Writers' Discourses on Foreignness* vén de ser publicado por Frank & Timme (Berlín 2023).

**María do Cebreiro Rábade Villar** é profesora titular de Teoría da literatura e Literatura comparada na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, onde exerce como investigadora do Grupo de Referencia Competitiva GI-1371. As súas principais liñas de investigación son a teoría do poema, o estudo comparado das escolmas de poesía no eido peninsular e a narrativa do século XIX, temas que foron obxecto de capítulos de múltiples libros e artigos en revistas de alto impacto. Dirixiu un proxecto de investigación financiado sobre a obra narrativa de Rosalía de Castro. Recentemente, gañou o premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2021 coa obra *Maternidades virtuosas*.

**Miguel Anxo Rodríguez González** é Profesor titular do Departamento de Historia da Arte da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e membro do grupo de referencia competitiva do SUG HAAYDU (Historia da Arte, Arquitectura e Urbanismo). Doutor por esta mesma universidade coa tese "Os materiais, procesos e formas na escultura galega contemporánea 1940-1994", defendida no 2004 e dirixida pola catedrática emérita Dra. María Luisa Sobrino Manzanares, conta no seu haber con máis de medio centenar de publicacións e achegas a congresos internacionais (libros, capítulos de libros e revistas indexadas), participando en máis de media ducia de proxectos dende o 2018, tanto no marco das convocatorias do Plan Nacional da Axencia Estatal da Investigación (AEI), baixo as modalidades de 'Xeración do Coñecemento' e de 'Retos', como no marco dos programas financiados pola Unión Europa.

**M. Rocío Sánchez Ameijeiras** é Catedrática de Historia da arte da Universidade de Santiago de Compostela, gozou grazas á obtención de bolsas en concorrencia competitiva de estancias

na Universit  de Roma I (A Sapienza), e o Warburg Institute, de Londres, e gozou dunha Beaufort Visiting Scholar Fellowship no St John's College de Cambridge. Autora de m is de setenta obras publicadas en prestixiosas editoriais tales como Akal, Brill, Brepols, Presses Universitaires de Rennes, Ashgate, Princeton University Press ou Edizioni dell'Galluzzo, ou en revistas indexadas como Arquivo Espa ol de Arte, Speculum, Arte Medievale ou Hispanic Research Journal, entre outras. O enorme impacto da s a investigaci n reportoulle gratificantes invitaci ns a participar como relatora e en ocasi ns como Key-Note lecturer nun bo n mero de congresos e a impartir conferencias en diferentes pa ses –Reino Unido, Alema a, Francia, Irlanda, Portugal, Israel, Estados Unidos de Am rica, Alema a, Su za, Italia ou Austria- tanto en instituci ns ou centros de investigaci n de reco ecido prestixio-Trinity College de Dublin, Fitzwilliam College, Cambridge; Princeton University; Technische Universit t, Dresden; Universit  de G n ve; Museo do Prado, Madrid; Funda o Calouste Gulbenkian de Lisboa ou o Courtauld Institute de Londres, a impartir docencia no Seminario de Arte Medieval da Universidade de Cambridge e foi colaboradora de diversas entradas de enciclopedias -*Enciclopedia dell'Arte Medievale*, *New Oxford Grove Encyclopedia of Art* ou o *Dictionnaire critique d'iconographie m di vale*. A s a investigaci n non s  se centra en casos de estudo hispanos, sen n tam n en miniatura carolinxa, , arquitectura, pintura e escultura rom nica e g tica inglesa, francesa e hispana, incluíndo desde os programas monumentais a obxectos manexables de materiais preciosos, e esa multiplicidade deriva da concepci n do obxecto art stico en campos expandidos, utilizando diversas ferramentas metodol gicas, sistemas interpretativos e marcos te ricos, desde a fenomenolox a que deriva na percepci n multisensorial da imaxe (*Investigaci ns Iconogr ficas sobre a escultura funeraria do s culo XIII en Castela e Le n*, Santiago de Compostela, 1993; (con Jos  Luis Senra) eds., *O t mpano medieval: Imaxes, estruturas e audiencia*, Santiago de Compostela, 2003;   teor a da imaxe devocional feminina e maternal (*As Cantigas de Santa Maria*, Vigo, Xerais, 2000 –con Elvira Fidalgo-); o papel dos obxectos na construcci n da memoria institucional (con M. C. D az e D az, F. L pez Alsina), Tombo A. * ndice dos Privilexios Reais*, que cont n este libro titulado da letra A, Madrid, Testemu o. 2008); ou a forxa de novas ferramentas interpretativas derivadas da relaci n entre a teor a literaria e as imaxes, ou patr ns discursivos como o derivado da aplicaci n da noci n de rizoma acu ada por Deleuze e Guattari, (ed.), *Po ticas verbais, Po ticas visuais*. *Revista de po tica medieval*, 27 (2013); *Os rostros das palabras. Imaxes e Teor a Literaria na Idade Media Occidental* (Madrid, Akal, 2014).   membro de comit s

científicos de prestixiosas revistas do seu campo, de comités científicos internacionais relacionados co Patrimonio, como o comité do "Programa Catedral de Santiago de Compostela" financiado polas Fundacións Mellon, Barrié e Catedral e membro de institucións como o International Center of Medieval Art and the Carl-Justi-Vereinigung zur Förderung der Kunstwissenschaftlichen Zusammenarbeit mit Spanien, Portugal und Iberoamerika. Foi investigadora Principal de distintos Proxectos financiados pola Xunta de Galicia, e doutros do Plan Nacional "Cultura visual e cultura librería na Coroa de Castela (1284-1350) I, II & III ", patrocinados polo Ministerio de Economía e Competitividade (2006-2016), e colabora como investigadora no proxecto europeo "Dante E L'Arte".

**Jesús Ángel Sánchez García** (A Coruña, 1967) é Doutor en Historia da arte pola Universidade de Santiago de Compostela desde o ano 1995, e desde 2021 catedrático de Historia da arte da Ilustración ao século XIX no mesmo departamento. Orientou as súas investigacións cara á historia da arquitectura e o urbanismo entre os séculos XVIII ao XX, enmarcadas no grupo de investigación "Historia da arte, da Arquitectura e Urbanismo" (GI-1510).

**Javier Serrano Alonso** é Profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela, profesor visitante na Universidade de California, Berkeley (2005) e Doutor na área de Literatura española nas facultades de Filoloxía e de Humanidades da USC dende 1997. No 1992 defende a súa tese de Doutoramento titulada "Ramón del Valle-Inclán: Jardín umbrío / Jardín novelesco. Edición crítica: La estrategia narrativa en los cuentos de Valle-Inclán", dirixida polo Dr. Domingo Ynduráin. Membro integrante do grupo de investigación de referencia competitiva do SUG, Valle Inclán, conta no seu haber con máis dunha ducia de proxectos competitivos (1997-2023), máis dun centenar de publicacións indexadas (libros capítulos de libro e revistas) e ten acadado varios premios e recoñecementos ao redor da figura do autor Valle Inclán, entre os que se pode citar, por exemplo, o accésit "Premio de Investigación Valle-Inclán" convocado por la Diputación de Pontevedra con el trabajo "Valle-Inclán, político: Candidato por A Coruña y Pontevedra en las elecciones constituyentes de la Segunda República" (outubro de 2004). Entre as súas actividades especialista, destaca asemade, as súas labouras como asesor de proxectos e actos científicos na Residencia de Estudiantes de Madrid (1989-1990) así como o comisariado e a curadoría de diferentes exposicións no plano autonómico e nacional.



**Miguel Taín Guzmán** é Catedrático de Historia da arte pola Universidade de Santiago de Compostela (desde 2022). Catro sexenios de investigación (o último concedido o 05/06/2019). Un sexenio de Transferencia de Coñecemento e Innovación (15/04/2019) Director da Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e as Peregrinacións da USC (desde 2019). Fundador e Codirector das Leccións Xacobeas Internacionais da Universidade de Santiago (desde 2007). Fundador e Director do Master en Rehabilitación e Renovación Urbana (2006-2009), Membro do Comité Español de Historia da arte desde os anos 90 (Secretario entre 2006 e 2010), de Icomos-España desde 2005, da Sociedade Española da Historia da Construción desde a súa fundación en 1996 e da Construction History Society de Londres desde 2012. Representou a España no International Committee of the History of Art (CIHA) entre 2007 e 2013. Avaliador da Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva entre 2006 e 2009. Avaliador de Proxectos en 2009 e 2010 na Dirección Xeral de Programas e Transferencia de Coñecemento. Avaliador de Proxectos en 2012 na Subdirección Xeral de Proxectos de Investigación do Ministerio de Economía e Competitividade. Avaliador asiduo de revistas científicas e editoriais universitarias. Fellowship no *Kunsthistorisches Institut* de Florencia do *Max-Planck-Institut* (co proxecto “The city of Santiago de Compostela in the journey of Prince Cosimo III de Medici, 1669: Baroque transformation of the other main European city of pilgrimage”, 01/05/2011-30/06/2011). Fellowship en Data Villa I Tatti-University of Harvard (proxecto: Italian Masterpieces in the Spanish Royal Palaces according to Cosimo III, 01/04/2014-30/06/2014). Fellowship na Brandenburg Research Academy and International Network (BRAIN)-Marie Curie Fellowship no departamento de Historia da Arquitectura da Brandenburgische Technische Universität de Cottbus, Alemaña (proxecto: *Imaxines Cathedralis Ecclesiae Compostellanae*, 120.000 €, 01/01/2015-31/12/2016). Fellowship no Pilgrimage Studies Institute do College William and Mary en EEUU (proxecto: *The Description of the City of Santiago de Compostela by the Fernández de Boan Brothers*, 2017). Obtivo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte unha estancia no *Kunsthistorisches Institut* de Florencia para desenvolver o proxecto “*Palacios e Reais Sitios nos diarios da viaxe por España do Príncipe Cosimo III de Medici (1668)*”, 1-IV-2013 / 31-VIII-2013, Programa de estancias de mobilidade en centros estranxeiros, incluído o programa “*Salvador de Madariaga. A súa investigación acolle diversas liñas sempre relacionadas co urbanismo, a arquitectura e a arte*”

español nos séculos XVII e XVIII, entre as que destacan os seus estudos sobre vistas urbanas, debuxos, monteas e planimetrías, así como os dedicados á literatura artística, de cantería e de viaxes.

**Juan Manuel Trillo Santamaría** é Doutor en Humanidades pola Universidad Carlos III de Madrid, actualmente é profesor titular no Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela. Previamente traballou na Universitat Pompeu Fabra de Barcelona e realizou estadias de investigación en varios centros de Francia, Reino Unido e Países Baixos. A súa liña de investigación principal son os estudos fronterizos (*border studies*), en particular, a cooperación territorial e transfronteiriza. Os seus traballos enmárcanse na Xeografía política, cultural e social. É editor rexional do *Journal of Borderlands Studies*.

**Alejandra Ulla Lorenzo** é Doutora en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade é profesora na área de Literatura española da mesma institución. Entre 2011 e 2017 foi investigadora posdoutoral na University College Dublin, onde xestionou o proxecto de investigación Iberian Books (Andrew Mellon Foundation). Dende 2019 conta coa Certificación I3. As súas liñas de investigación principais son o teatro do Século de Ouro e a historia do libro, ámbitos nos que aplicou os métodos das humanidades dixitais. Dende 2020 é Investigadora Principal do proxecto de investigación ISTAE (Impresos sueltos del teatro antiguo español), que financia o Ministerio de Ciencia.

**María Teresa Vilariño Picos** é Profesora Titular de Teoría de la Literatura e Literatura comparada (Universidade de Santiago de Compostela) e Doutora por esta mesma universidade coa tese *Fenomenología y Estilística literaria: el caso español*. Caracterízase por un perfil académico interdisciplinar que une a Teoría literaria e a Literatura Comparada coa medicina, ao posuír un Mestrado en enfermidades raras conxénitas do metabolismo, e a Educación social e a Psicoloxía. Foi coordinadora do Mestrado Mundus *Crossways in Cultural Narratives*, así como do programa de Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura. Os seus proxectos actuais aproxímanse a conceptos como os de intermedialidade, transmedialidade, espazos reactivos ou Intelixencia artificial e destacan a importancia da cidade e da arquitectura para a comprensión dos videoxogos, a ciberpoesía ou as contornas virtuais. O seu último libro publicado titúlase *Narrativas cruzadas: Hibridación, transmedia y performatividad en las Humanidades digitales* (Vigo: Academia del Hispanismo, 2017).

Actualmente as súas investigacións céntranse no campo das Humanidades dixitais e a súa pedagogía, así como na aplicación da educación social á innovación educativa universitaria.

**Carlos Villanueva Abelairas** é catedrático de música na Universidade de Santiago de Compostela; profesor visitante das universidades de Pensilvania e asesor de la Universidade Católica de Porto; profesor habitual no terceiro ciclo nas universidades de Oviedo, Granada, Autónoma de Barcelona e UNAM (México). Foi codirector do proxecto de construción dos instrumentos do Pórtico de la Gloria. Fundador e director del grupo In Itinere da Universidade de Santiago (1977-2003) co que grabou unha ducia de CDs con repertorio medieval, renacentista e barroco, obtendo 2 Premios Nacionais de Discografía (1984 e 1986) e o Premio Galegos del Mundo (2000). Ten ofrecido concertos nas principais salas e centros universitarios do mundo. As súas liñas de investigación abranguen dende o estudo e a interpretación historicista da música antiga, a música nas catedrais galegas, ou a relación entre música e literatura, con traballos de referencia sobre Alejo Carpentier, Valle-Inclán e Víctor Said Armesto. Ten coordinado o proxecto de investigación Fondos documentais da música nos arquivos civís de Galicia (1875-1936) (HAR 209-09161) e tamén ten sido IP no proxecto cidades do eixo atlántico (HAR 2015-64024- R) ambos os dous financiados polo MINECO.

### 9.3. LISTADO DE PERSOAL INVESTIGADOR ESTABLE INTERESADO EN FORMAR PARTE DO IHUS

<i>Grupo Investigación</i>	<i>Xénero</i>	<i>Apelidos E Nome</i>	<i>Categoría profesional</i>
GI-1371	M	<b>ABUÍN GONZÁLEZ, ANXO EUGENIO</b>	Catedrático Universidade
GI-1924	F	<b>ALONSO ALONSO, MARÍA</b>	Contratado Doutor
GI-1371	F	<b>ALONSO PÉREZ, SILVIA</b>	Contratado doutor
GI-1377	M	<b>AZAUSTRE GALIANA, ANTONIO</b>	Catedrático Universidade
GI-1377	M	<b>BUONO, BENEDICT</b>	Titular Universidade
GI-1371	M	<b>CABO ASEGUINOLAZA, FERNANDO</b>	Catedrático Universidade
GI-2025	F	<b>CAPELÁN FERNÁNDEZ MONTSERRAT</b>	Contratado Doutor

GI-1371	M	<b>CASAS VALES, ARTURO</b>	Catedrático Universidade
GI-1919	F	<b>DE CARLOS VILLAMARÍN, HELENA ROSA</b>	Catedrático Universidade
GI-2046	M	<b>DE DONATO RODRÍGUEZ, JAVIER</b>	Contratado Doutor
GI-1510	M	<b>DE LLANO NEIRA, PEDRO</b>	Catedrático Universidade
GI-1919	F	<b>DÍEZ PLATAS, MARÍA DE FÁTIMA</b>	Titular Universidade
GI-1924	F	<b>ESTÉVEZ SAA, MARGARITA</b>	Titular Universidade
GI-2046	M	<b>FALGUERA LÓPEZ, JOSÉ LUÍS</b>	Titular Universidade
GI-1377	M	<b>FERNÁNDEZ MOSQUERA, SANTIAGO</b>	Catedrático Universidade
GI-1374	M	<b>FORNEIRO PÉREZ, JOSÉ LUÍS</b>	Titular Universidade
GI-1924	F	<b>FRA LÓPEZ, PATRICIA</b>	Titular Universidade

GI-1428	F	<b>FREIRE PAZ, ELENA</b>	Contratada Doutora
GI-2025	M	<b>GARBAYO MONTABES, FRANCISCO JAVIER</b>	Titular Universidade
GI-1377	M	<b>GARCÍA MARTÍNEZ, MANUEL</b>	Titular Universidade
GI-1676	M	<b>GARCÍA SOTO, LUÍS MODESTO</b>	Titular Universidade
GI-1371	M	<b>GIL GONZÁLEZ, ANTONIO JESÚS</b>	Titular Universidade
GI-1924	F	<b>GÓMEZ GONZÁLEZ, MARÍA DE LOS ÁNGELES</b>	Catedrático Universidade
GI-1919	M	<b>GONZÁLEZ GARCÍA, FRANCISCO JAVIER</b>	Titular Universidade
GI-1924	M	<b>GONZÁLEZ GROBA, CONSTANTE</b>	Catedrático Universidade
GI-1377	M	<b>GUTIÉRREZ CAROU, JAVIER</b>	Catedrático Universidade
GI-1428	F	<b>HERRERO PÉREZ, MARÍA NIEVES</b>	Titular Universidade

GI-2046	M	<b>HORTA ÁLVAREZ, ÓSCAR</b>	Contratado Doutor
GI-1428	F	<b>JIMÉNEZ ESQUINAS, GUADALUPE</b>	Contratado Doutor
GI-1924	F	<b>JIMÉNEZ PLACER, MARÍA SUSANA</b>	Contratado Doutor
GI-1924	F	<b>LOJO RODRÍGUEZ, LAURA MARÍA</b>	Catedrático Universidade
GI-1919	M	<b>LÓPEZ BARJA DE QUIROGA, PEDRO MANUEL</b>	Catedrático Universidade
GI-1510	M	<b>LÓPEZ SILVESTRE, FEDERICO ANTONIO</b>	Titular Universidade
GI-1377	F	<b>MARCHISIO, CRISTINA</b>	Titular Universidade
GI-2046	F	<b>MARTÍNEZ VIDAL, MARÍA DE LA CONCEPCIÓN</b>	Titular Universidade
GI-1510	M	<b>MOURE PAZOS, IVÁN</b>	Axudante Doutor
GI-1924	F	<b>MOURÓN FIGUEROA, CRISTINA</b>	Titular Universidade

GI-1570	M	<b>NOGUEIRA OTERO, XOSÉ</b>	Titular Universidade
GI-1928	M	<b>NÚÑEZ SEIXAS, XOSÉ MANOEL</b>	Catedrático Universidade
GI-1924	F	<b>PALACIOS GONZÁLEZ, MANUELA</b>	Titular Universidade
GI-2168	M	<b>PARCERO OUBIÑA, ÓSCAR</b>	Contratado Doutor
GI-1871	M	<b>PAÜL CARRIL, VALERIÀ</b>	Titular Universidade
GI-1919	F	<b>PELAZ FLORES, DIANA</b>	Contratado Doutor
GI-1924	F	<b>PEREIRA ARES, NOEMÍ</b>	Contratado Doutor
GI-2046	M	<b>PEREIRA FARIÑA, MARTIN</b>	Contratado Doutor
GI-1371	F	<b>RÁBADE VILLAR, MARÍA DO CEBREIRO</b>	Titular Universidade
GI-1510	M	<b>RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, MIGUEL ANXO</b>	Contratado Doutor



GI-1924	M	<b>SACIDO ROMERO, JORGE</b>	Titular Universidade
GI-1919	F	<b>SÁNCHEZ AMEIJERAS, M<sup>a</sup> DEL ROCÍO</b>	Catedrático Universidade
GI-1510	M	<b>SÁNCHEZ GARCÍA, JESÚS ÁNGEL</b>	Catedrático Universidade
GI-1924	F	<b>SÁNCHEZ ROURA, MARÍA TERESA</b>	Titular Universidade
GI-1374	F	<b>SANTOS ZAS, MARGARITA</b>	Emérito LOU
GI-1374	M	<b>SERRANO ALONSO, FRANCISCO JAVIER</b>	Titular Universidade
GI-1203	M	<b>SIERRA PAREDES, GERMÁN</b>	Titular de Universidade
GI-2046	M	<b>SOBRINO CERDEIRIÑA, ALEJANDRO</b>	Catedrático Universidade
GI-1928	F	<b>SOUTO BLANCO, MARÍA JESÚS</b>	Contratado Doutor
GI-1510	M	<b>TAÍN GUZMÁN, MIGUEL</b>	Catedrático Universidade

GI-1871	M	<b>TRILLO SANTAMARÍA, JUAN MANUEL</b>	Titular de Universidade
GI-1377	F	<b>ULLA LORENZO, ALEJANDRA</b>	Contratada doutora
GI-1510	M	<b>VÁZQUEZ CASTRO, JULIO</b>	Titular Universidade
GI-1510	M	<b>VIGO TRASANCOS, ALFREDO MANUEL</b>	Emérito LOU
GI-1371	F	<b>VILARIÑO PICOS, MARÍA TERESA</b>	Titular Universidade
GI-2025	M	<b>VILLANUEVA ABELAIRAS, CARLOS</b>	Emérito LOU
GI-1510	M	<b>VILLARMEA ÁLVAREZ, XOSÉ IVÁN</b>	Axudante Doutor

## 10. PROXECTOS E CONTRATOS

## 11. VIABILIDADE E FONTES DE FINANCIAMIENTO

## 9. ANEXOS

### ANÁLISE DAFO:

As cuestións mais importantes as que debemos dar resposta desde o punto de vista do discurso científico do Instituto son:

- **ESTRATEGIA:** misión clara e definida que xustifica a súa creación e unha visión de onde se pretende chegar.
- **FOCO:** obxectivo común, identificábel e concreto (fío condutor do discurso científico).
- **VALOR DIFERENCIAL:** valor diferencial das humanidades (fío condutor) como eixo do Instituto.
- **SINGULARIDADE:** alén de que non existan centros/institutos destas características en España (cunha misión similar), que o diferencia e cal é o seu valor engadido?

Coa finalidade de que sirvan de referencia, as preguntas en bosquejo que se enfocan neste documento consisten en:

1. Determinar cales son as claves e os atributos que deben recoller a misión, a visión e os valores dun Instituto de investigación en Humanidades , así como a súa singularidade e valor engadido.
2. Describir os elementos diferenciadores do obxecto e da metodoloxía de investigación deste Instituto de investigación en Humanidades?
3. Concretar os mecanismos e as particularidades da carreira investigadora neste eido das Humanidades.
4. Especificar o posicionamento da investigación levada ao cabo polo Instituto para a súa correcta diferenciación, con respecto a outras disciplinas científicas como no caso

das TIC, as Ciencias Naturais, as Ciencias da Vida, etc.; así como as relacións e as implicacións con outros axentes gobernamentais, sociais e económicos da contorna produtiva, e mesmo as canles para a axeitada internacionalización a través de redes de investigación.

5. Analizar os criterios para acadar un maior impacto social nos resultados do Instituto, tanto desde o punto de vista dos indicadores de transferencia pura, como no que atinxe as actividades de difusión que permitirán unha mellor visibilidade da actividade investigadora e humanística na USC.

6. Apostar por un apoio técnico e administrativo permanente e consolidado.

7. Aliñar os obxectivos do futuro instituto coas políticas de innovación da Xunta de Galicia e do Goberno español, pero tamén nos planos europeo e internacional.

8. Optimizar os sistemas de vixilancia estratéxica e competitiva, a través dunha análise de posicionamento e de *benchmarking* nacional ou internacional.

Por todas estas razóns a análise DAFO que se presenta neste documento constitúe unha ferramenta moi útil para a análise estratéxica xa que permite examinar tanto aspectos internos como externos directamente relacionados co desenvolvemento do Instituto de Humanidades. A análise das fortalezas e ameazas ofrece un exame dos activos existentes sobre os cales se pode construír e articular o centro, así como aquelas outras cuestións que é preciso mellorar. Por outra banda, a análise de oportunidades e ameazas permite identificar aqueles factores contextuais que van ofrecer novas oportunidades para a creación e desenvolvemento do Instituto así como aqueles outros aspectos que poden actuar como barreiras (ameazas) e que resulta preciso minimizar.

Este DAFO analiza os datos e a situación das humanidades na USC respecto a: cadros de persoal investigador, excelencia investigadora, posicionamento na contorna e internacionalización, financiamento, valorización e transferencia da investigación, formación, produción científica, etc.

## OPORTUNIDADES

- As Ciencias Humanas están acadando unha maior relevancia nas políticas e prioridades científicas de investigación no marco da UE.
- Marco de política científica competitivo no marco do SUG que incentiva a organización da investigación de referencia en centros supragrupais.
- Carencia dun centro ou instituto de investigación de referencia en Humanidades en Galicia, e mesmo no Estado español (ver análise comparativa ou *benchmarking*).
- Existencia dun amplo abano de sectores e actores relacionados coa cultura cos cales colaborar: administracións públicas, produtoras cinematográficas, editoriais, museos, fundacións, unidades responsábeis de patrimonio histórico artístico, turismo, medios de comunicación, empresas de produción de espectáculos, etc...
- Necesidade global dun pensamento integrado e abrangente para facer fronte aos retos planetarios ligados coa crise sistémica xeral na que estamos inmersos/as, ante os que as Humanidades se atopan especialmente ben capacitadas.

## AMEAZAS

- Persoal investigador relativamente avellentado sen que o relevo xeracional estea asegurado.
- Dificultades de incorporación e estabilización do persoal de investigación.
- Incremento na competencia polos recursos de financiamento de investigación cada vez máis concentrado en grupos e centros de referencia tanto no contexto autonómico como nacional e internacional. O financiamento da investigación presenta un nesgo importante cara aos ámbitos de investigación moi aplicados das áreas científico-técnicas e das Ciencias Sociais.
- Sistemas de avaliación da actividade investigadora orientados aos estándares e normas das Ciencias Experimentais e Técnicas que resultan totalmente

desenfocados para a avaliación do rendemento da investigación en Humanidades.

- Limitado recoñecemento da importancia das Humanidades no SUG e nas políticas de investigación de Galicia e España.
- Os mecanismos de transferencia de investigación non recollen nin sistematizan as distintas formas de interacción e transferencia que poden ocorrer no eidos das Humanidades que en moitas ocasións non están recollidos en contratos, convenios ou proxectos e que teñen un carácter informal.

## FORTALEZAS

- Existencia dunha masa crítica importante no eido das Humanidades: 5 Grupos de Referencia Competitiva (GI-1871 ANTE, GI-1377 Calderón, GI-1924 Discurso e Identidade, GI-1919 Síncrisis, e GI-1371 Teoría da Literatura e Literatura Comparada) e 4 Potencial Crecemento (GI-1374 GIVIUS, GI-1510 HAAYDU, GI-1928 HISPONA, GI-2025 Estudos Históricos de Música en Galicia e América (ss. XI-XX)).
- Experiencia na xestión de unidades de investigación a través do PAIX de Humanidades e Ciencias Sociais, composto polos grupos enriba mencionados, e que conta con dous/dúas técnicos/as superiores de investigación e xestión contratados a tempo completo.
- Competencia investigadora en disciplinas representativas do eido das Humanidades.
- Disponibilidade de capacidades interdisciplinarias ben aliñadas coa Axenda Científica actual e imbricada nos grandes retos, desafíos e debates actuais.
- Talento e masa de investigadores/as novos/as excelentes dispoñíbeis no marco do SUG, e na USC en particular.



- Importantes capacidades no uso e deseño de ferramentas TIC para a realización da investigación e a súa posta en valor.
- Capacidade de diálogo e apoio nos procesos de definición de políticas públicas, en particular no eido cultural.
- Éxito en programas de captación de talento, ao abeiro de convocatorias como “Investigadores/as distinguidos/as”, “Margarita Salas”, “María Zambrano” ou “Oportunius”.

## DEBILIDADES

- Atomización e fragmentación das capacidades de investigación en Humanidades: numerosos grupos de investigación de reducido tamaño e liñas de investigación.
- Reducida colaboración científica entre os distintos grupos de investigación así como co persoal investigador doutras áreas.
- Posicionamento na contorna de marcado carácter informal e de curto alcance, máis orientado á transferencia de coñecementos dispoñíbeis que a xeración de novos coñecementos adaptados á demanda.
- Desigual posicionamento internacional da investigación.
- Dificultades para a captación de financiamento competitivo sobre todo a nivel internacional.
- Escasa visibilidade da investigación realizada en Humanidades tanto internamente como de cara ao exterior: carencia dunha oferta institucional de coñecementos, capacidades e resultados específica no eido das Humanidades e orientada a potenciais usuarios.
- Financiamento moi concentrado en relación co número de IPs e fontes.

## CENTROS DE REFERENCIA

### ESTATAIS:

#### **Instituto de Patrimonio y Humanidades (Universidad de Zaragoza)**

<https://iphunizar.com/>

Investigadores/as participantes: Sobre 100 membros

**Descrición:** O IPH é un instituto de investigación da Universidade de Zaragoza creado co respaldo do Goberno de Aragón. Promove a excelencia científica facilitando a agregación de investigadores de prestixio, expertos en patrimonio e humanidades, e posibilitando a realización de proxectos de investigación multidisciplinares que xeren coñecemento novo e axuden a resolver problemas e retos concretos da nosa sociedade. A súa dobre estratexia susténtase tanto no desenvolvemento dunha actividade investigadora de excelencia como no impulso da transferencia de resultados.

**Valoración:** Trátase dun instituto que promove a transversalidade nos diferentes estudos humanísticos na súa descrición, mais unha visión dos seus proxectos tractores descobre unha visión máis local e disciplinar, con marcada atención ao patrimonio material e inmaterial de Aragón.

#### **Institut de Cultura (Universitat Pompeu Fabra)**

<https://www.upf.edu/web/iuc>

Investigadores/as participantes: Sobre 100 membros

**Descrición:** O Instituto de Cultura (IUC) foi creado o ano 1994 como resposta á vontade de crear un ámbito de interdisciplinariedade onde levar a cabo actividades docentes e de investigación destinadas a promover os estudos de cultura humanística. O obxectivo principal do IUC é desenvolver actividades relacionadas con estudos interdisciplinares e comparativos

no ámbito da arte, a literatura e o pensamento filosófico que lle permitan levar a cabo os obxectivos que lle corresponden: a docencia de terceiro ciclo, a investigación e a difusión do coñecemento en cultura humanística. Os esforzos do IUC conflúen na vontade de ofrecer resposta a un dos retos máis importantes do mundo actual e do futuro: a confluencia entre as culturas filosófica, artística e literaria que configuran o universo humanístico da nosa tradición; entre as culturas que determinan os substratos do noso mundo, Oriente e Occidente, entre a cultura humanística e a cultura científica, e entre os escenarios en que se configura a nosa identidade (Barcelona, Cataluña, o mundo ibérico, o mundo mediterráneo, Europa). O eixo central de actuación do Instituto sitúase, pois, na reflexión ao redor desta perspectiva múltiple como plataforma de análise do presente e do futuro inmediato.

**Valoración:** Este Instituto está formado por varios grupos de investigación asociados a tres grandes eixos temáticos: artes, lingua e literatura, e pensamento. Deste xeito, comparte moitas similitudes co futuro iHUs. A pesar disto, todos os grupos de investigación aparecen adscritos as áreas de coñecemento de Filoloxía e/ou Lingüística. Neste senso, o futuro iHUs aposta por sinerxías entre estes ámbitos de coñecemento e outros como a Filosofía, a Musicoloxía, a Historia da Arte ou a Xeografía.

## **INTERNACIONAIS:**

**CRAL e o LISST da “École des Hautes Études en Sciences Sociales” (<https://www.ehess.fr/fr>)**

**Descrición:** A École des Hautes Études en Sciences Sociales é, desde a súa fundación, un centro de referencia internacional nas investigacións interdisciplinares en Humanidades, Artes, Historia e Ciencias Sociais. Aínda que se trata dunha estrutura inmensa, conta con varios “centros” e “unidades” de investigación interdisciplinar que traballan especificamente nas prioridades que se propoñen para o IHUS cun número de investigadores que cómpre considerar semellante.

Especialmente:

-CRAL (Centre de recherches sur les arts et le langage) centrado en temas tan diversos como a literatura, as artes, a filosofía, a música, o son, o cinema ou a fotografía desde a perspectiva dunha reflexión sobre o papel do sensible na sociedade.

-LISST (Laboratoire Interdisciplinaire Solidarités, Sociétés, Territoires) que asocia estudos de xeografía, socioloxía e antropoloxía.

- Mesmo, o Cermes3 pola súa vocación posthumanística ao traballar en “recherche médecine, sciences, santé, santé mentale” e “société”.

**Valoración:** Este instituto é un dos máis prestixiosos de Europa, e aposta por unha colaboración fundamental entre as Humanidades e as Ciencias Sociais. Está dividido en diversos laboratorios. Porén, as súas dimensións en número de investigadores/as e laboratorios fan deste un centro de referencia, malia que moi diferente a unha estrutura máis pequena e focalizada, aínda que competitiva, como o futuro iHUs.

**CEIICH “Centro de Investigaciones Interdisciplinarias en Ciencias y Humanidades” e o IIE “Instituto de Investigaciones Estéticas” da UNAM**

<https://www.unam.mx/investigacion/institutos-centros-y-programas>

**Descrición:** Os Institutos de Humanidades da UNAM constitúen centros de referencia a nivel mundial, atopándose entre os máis coñecidos en lingua castelá. O tamaño inmenso da institución e a súa situación xeográfico-cultural –xenuína e independente, pero sempre influída tanto polas correntes norteamericanas, como as sudamericanas e as europeas– converten o seu traballo nunha especie de laboratorio de valor global no referido ás tendencias propias do século XXI. A investigación en Humanidades atópase focalizada a través de laboratorios ou institutos coma: o Centro de Investigaciones sobre América Latina y el Caribe (CIALC); o Centro de Investigaciones Interdisciplinarias en Ciencias y Humanidades (CEIICH); o Centro de Investigaciones y Estudios de Género (CIEG); o Centro de Investigaciones sobre América del Norte (CISAN); o Centro Peninsular en Humanidades y Ciencias Sociales (CEPHCIS); o Centro Regional de Investigaciones Multidisciplinarias (CRIM) entre outros.

Para a nosa análise comparativa co futuro IHUS, son de especial interese:

- o CEIICH ou “Centro de Investigaciones Interdisciplinarias en Ciencias y Humanidades” consta de 84 investigadores/as centrados/as nun tipo de traballo transversal baseado en doce liñas de traballo: entre elas, o mundo no século XXI, investigacións feministas ou cibercultura e intelixencia artificial.
- o IIE o “Instituto de Investigaciones Estéticas” conta con 73 investigadores que asocian nos seus traballos estudos de arte, pensamento estético, fotografía, arquitectura, historia e literatura.

**Valoración:** Estes dous Institutos de Humanidades da UNAM son de referencia internacional por ter unha traxectoria xa consolidada e por contar hoxe en día cunha plantilla de investigadores/as de renome internacional que teñen moi presentes as dinámicas do século XXI desde un lugar que tradicionalmente se considerou marxinal e que hoxe se sabe central. O pensamento do global e do local desde as lóxicas decoloniais, a reflexión feminista, a combinación de técnicas históricas e antropolóxicas ou a interacción coa ciencia e as novas tecnoloxías forman parte dos seus intereses.

### **FRIAS (Freiburg Institute for Advanced Studies)**

<https://www.frias.uni-freiburg.de/en/home>

**Descrición:** O Instituto de Estudos Avanzados de Friburgo é a escola de investigación internacional da Universidade de Friburgo. Como parte integral da universidade, o Instituto reúne baixo o seu teito as Humanidades e as Ciencias Sociais, a Medicina, as Ciencias Naturais e da Cida e a Enxeñaría. FRIAS ofrece a destacados académicos (Senior Fellows), así como a destacados investigadores noveis (Junior Fellows) de Friburgo e de todo o mundo, a oportunidade de concentrarse exclusivamente nos seus proxectos de investigación (individuais ou conxuntos) durante un período de tempo determinado. Desta maneira, o Instituto crea un espazo e unha atmosfera únicos para a investigación dentro da universidade,

enriquece a rede global de investigadores con sede en Friburgo e mellora a visibilidade internacional da investigación realizada na Universidade de Friburgo. Préstase especial atención á promoción de académicos novos prometedores, e FRIAS crea amplas oportunidades para que constrúan redes internacionais participando en debates inspiradores e investigacións colaborativas cos membros da comunidade Fellow en todas as disciplinas e culturas (non só académicas).

FRIAS convida a académicos de renome de todo o mundo a Friburgo, ofrecéndolles unha contorna no que poden dedicarse a un proxecto de investigación inspirador ou a unha publicación da súa elección. Aquí proporcionáselles un ambiente de traballo estimulante, un apoio integral para o seu proxecto, oficinas tranquilas que satisfán as súas necesidades individuais e acceso a laboratorios extremadamente ben equipados.

**Valoración:** Ao igual que moitos outros institutos de investigación europeos, FRIAS atópase dividido en diversos laboratorios e grupos de investigación máis focalizados, mais tende cada un espírito transversal e interdisciplinar que pretendemos emular. Conta tamén con oportunidades para novos/as investigadores/as a través de liñas de investigación concretas, e fai fincapé nas relacións transnacionais para a promoción e transferencia do coñecemento.